g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria pública. As axudas, serán definidas na convocatoria correspondente que deberá ser aprobadas polo órgano competente.	

Promoción económica	Area 6	Código 6.2
SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar lazos de colaboración cos interlocutores económicos do territorio co fin de potenciar o crecemento e mantemento do noso tecido empresarial, a través de accións de dinamización do comercio, hostalería, servizos e industrias do noso municipio.	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

b. Obxectivo específico	<p>Consolidar e mellorar noso tecido comercial, industrial e de servizos facendolo máis competitivo e especializado. Manter o emprego estable a través da consolidación e o crecemento das empresas establecidas no municipio e establecer e manter novos canais de colaboración.</p> <p>A situación de recesión económica que provocó desde o ano 2020 o Covid-19, acentuado pola crise enerxética e, como non, os efectos derivados da guerra de Ucraia, están afectando de forma significativa ao tecido empresarial do municipio e en concreto ao comercio polo miúdo, a hostalaría, a restauración, os servizos relacionados co ocio, o tempo de lecer e a cultura e os servizos persoais, sectores que sufriron e siguen a sufrir unha caída notable dos seus ingresos. A esta circunstancia debemos engadir os problemas xerados na actualidade pola inflación provocada polo incremento dos prezos enerxéticos, o custo das materias primas e outros factores que redundan nunha redución de márxenes de beneficio e nunha ralentización da actividade económica xeral. Por este motivo é imprescindible seguir apoiando esta liña de actuación, considerara de especial interese, precisando un mantemento orzamentario que permita paliar os efectos negativos na nosa economía co fin de recuperar e impulsar a actividade económica e o emprego no municipio</p>
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	50.000,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Libre concorrancia
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria

Promoción económica	Area 6	Código 6.3
INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DOS PARTICIPANTES NO PROXECTO OBRADORIO DE EMPREGO "PROXEDIS CAMBRE"		
a. Obxectivo estratéxico	Inserción laboral do alumnado traballador do proxecto Obradorio de Emprego "PROXEDIS Cambre" (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade)	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none">- Impulsar a contratación laboral do alumnado traballador do proxecto "PROXEDIS Cambre" (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade)- Mellorar o nivel de cualificación profesional do alumnado traballador.- Que o alumnado traballador adquira a formación e a experiencia necesaria enmarcada nos certificados de profesionalidade aprobados nos Reais Decretos correspondentes a cada especialidade (atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade), adaptando aos nosos traballadores nas novas esixencias do mercado e as demandas da normativa da Unión Europea, relativa ao sistema xeral de recoñecemento da formación profesional nos estados membros. Ademais da adquisición de formación transversal (inserción laboral, igualdade, sensibilización ambiental, alfabetización dixital,etc) e preparación para obter a ESA, para aquelas persoas que non contan coa titulación académica.- Mellorar o perfil profesional do alumnado traballador cara a inserción no mercado de traballo.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	30.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Comunidade Autónoma de Galicia (subvención para o proxecto "PROXEDIS Cambre" (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade))	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrancia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria pública	

TRANSPORTE	Area 7	Código 7
TRANSPORTE METROPOLITANO		
a. Obxectivo estratéxico	Establecer melloras na comunicación do núcleo de Cambre coas parroquias así como as liñas interurbanas.	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

b. Obxectivo específico	- O fomento do transporte público como alternativa sostible ao transporte privado. - Fomentar as comunicacións de todas as parroquias. - Evitar o illamento de núcleos peor comunicados - Evitar o illamento de persoas que non poidan conducir vehículos privados.
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	160.000,00 € (ampliable conforme liquidación da Xunta)
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Conforme a convenio da Xunta
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio coa Xunta

Outros	Area 8	Código 8
SUBVENCIÓN GRUPOS POLÍTICOS		
a. Obxectivo estratéxico	Colaborar no mantemento dos grupos políticos.	
b. Obxectivo específico	- Fomentar a participación política. - Custear gastos de traballo dos grupos. - Permitir o traballo dos diversos grupos representados no pleno de maneira digna	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	35.200,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios	
f. Procedemento de concesión	Mixta (nominativa condicionada a bases de execución e acordo plenario)	
g. Plan de actuación	Regulada en bases de execución e acordo plenario	

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura extractada da proposta.

Interveñen o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 13 de maio de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Abstencións: Unha (1), da Sra. Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta da Alcaldía de data 13 de maio de 2024 (CVD: Gj9aserrg0IRsDm5Tlae).

2.2. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O EXERCICIO 2024

Acceso á videoacta – 00:21:05 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 7 de maio de 2024 (CVD: sTpUR8aRRGxHNUGcsBc/), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión extraordinaria de data 23 de maio de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA

Asunto: Proposta de Aprobación do Orzamento xeral 2024 e do Cadro de persoal do Concello de Cambre para o exercicio 2024

Confeccionado o proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Cambre para o exercicio 2024, que inclúe exclusivamente o do Concello.

Visto que a súa estrutura orzamentaria se axusta ás normas contidas na Orde de 3 de decembro de 2008 do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/3565/2008), publicada no BOE número 297, do 10 de decembro, aplicable aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2010 e seguintes, modificada pola OM HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Visto que o estado de gastos recolle os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles durante o ano 2024 e o estado de ingresos as previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar.

Visto que o orzamento xeral contén toda a documentación prevista na lexislación vixente.

Visto que o cadro de persoal debe conter todas as prazas da entidade local debidamente clasificadas, reservadas a funcionarios, persoal laboral e eventual.

De conformidade cos artigos 168 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLFL) e 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

Propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Cambre para 2024, xunto cos seus anexos e Bases de execución, por importe de 21.080.437,96 euros, co seguinte resumo por capítulos:

CAPÍTULO INGRESOS	TOTAL	CAPÍTULO GASTOS	TOTAL
OPERACIÓNS CORRENTES		OPERACIÓNS CORRENTES	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	6.905.000,00 €	1 GASTOS DE PERSOAL	7.887.566,93 €
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	398.000,00 €	2 GTOS. BENS CTES. E SERV.	9.370.949,35 €
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	3.897.293,78 €	3 GASTOS FINANCEIROS	125.000,00 €
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	8.688.100,64 €	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.556.164,00 €
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	313.777,14 €		
Total Operacións Correntes	20.202.171,56 €	Total Operacións Correntes	18.939.680,28 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL		OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS		6 INVESTIMENTOS REAIS	2.090.147,68 €
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	844.656,40 €	7 TRANFERENCIAS DE CAPITAL	17.000,00 €
Total Operacións de Capital	844.656,40 €	Total Operacións de Capital	2.107.147,68 €
OPERACIÓNS FINANCEIRAS		OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8 ACTIVOS FINANCEIROS	33.610,00 €	8 ACTIVOS FINANCEIROS	33.610,00 €
9 PASIVOS FINANCEIROS		9 PASIVOS FINANCEIROS	
Total Operacións financeiras	33.610,00 €	Total Operacións financeiras	33.610,00 €
TOTAL INGRESOS	21.080.437,96€	TOTAL GASTOS	21.080.437,96 €

Segundo: Expoñer ao público o anuncio de aprobación inicial por prazo de quince días hábiles mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, así como no taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións ante o Pleno, que consideren oportunas.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello para o 2024.

Terceiro: Aprobar o cadro de persoal do Concello de Cambre para o ano 2024 segundo se transcribe a continuación:

CADRO PERSOAL 2024

FUNCIONARIOS

Denominación da Praza	PRAZAS	GRUPO-SUBGRUPO	Escala	Subescala	Clase
Secretaría Xeral	1	A1	Habilitación estatal	Secretaría	Superior
Interventor	1	A1	Habilitación estatal	Intervención-Tesourería	Superior
Tesoureiro	1	A1	Habilitación estatal	Intervención-Tesourería	Superior
Técnico	2	A1	Administración Xeral	Técnica	
Arquitecto	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Bibliotecaria-arquiveira	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Coordinador actividades culturais e educativas	1	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Coordinador de servizos sociais	1	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Axente de desenvolvemento local	2	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Técnico de promoción económica	1	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Técnico de xestión	2	A2	Administración xeral	Xestión	
Aparellador	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico industrial	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico de obras públicas	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Graduado social	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Técnico de xestión económico-financeira	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Traballadora social	3	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Educador social	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Dinamizador cultural	1	A2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Inspector policía local	1	A2	Administración Especial	Servicios especiais	Policía Local
Coordinador deportivo	1	B	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Administrativo	6	C1	Administración Xeral	Administrativo	
Delineante	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Encargado de obras	1	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Encargado de servizos	1	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Animador xuvenil	1	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Animador deportivo	2	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Oficial policía local	2	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Policía Local
Policía local	22	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Policía Local
Administrador sistema informático	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Informático auxiliar	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Auxiliar administrativo	26	C2	Administración Xeral	Auxiliar	
Auxiliar réxime interior	1	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Auxiliar turismo	1	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Auxiliar biblioteca-arquivo	6	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Auxiliar monitora 3ª idade	1	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Axente protección civil	4	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Informador xuvenil	1	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Conserxes	16	Outras agrupacións profesionais	Administración Xeral	Subalterna	
Capataz de brigada de obras	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Persoal de oficios
Oficial obras	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Persoal de oficios
Operario parque móbil e inmobles	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais.
Operario condutor	2	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Persoal de oficios
Operario servizos	3	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Persoal de oficios
Asistente domiciliaria	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
PERSOAL EVENTUAL					
Denominación posto de traballo		Número de prazas			
Asesor/a Alcaldía		2			
Secretaria/o obras e servizos		1			
Asesor de patrimonio		1 (50% xornada)			
Asesor/a de deportes		1			
Asesor/a de medioambiente e mobilidade		1			
Resumo					
Persoal funcionario		132			
Persoal eventual		6 (un ao 50% da xornada)			

O expediente exporase ao público na Intervención municipal polo prazo de 15 días hábiles, contados dende o seguinte ao da inserción deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, coa finalidade de que as persoas interesadas poidan realizar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Cadro de Persoal do ano 2024, de conformidade co disposto no artigo 126 do real Decreto legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes do Réxime local, remitindo copia ao Ministerio de Administracións Públicas, e ao órgano competente en materia de réxime local da Comunidade Autónoma, dentro do prazo de trinta días, sen prexuízo da súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia* xunto co resumo do orzamento.»



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Intervén a Sra. alcaldesa e manifesta que hai unha emenda ao ditame e concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura extractada á proposta e á emenda de data 29 de maio de 2024 (CVD: IOT+1hPGpj7xl39PjyT), que transcrita di:

«ENMENDA AO DICTÁME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, INNOVACIÓN TECNOLÓXICA E SEGURIDADE CIDADÁ ADOITADO EN SESIÓN DE DATA 23 DE MAIO DE 2024 RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE CAMBRE

De conformidade co disposto no artigo 115 e) do Regulamento orgánico municipal, considerando esta Alcaldía necesario realizar modificacións polo que respecta ás denominacións e dedicacións do persoal eventual, tal e como expoño en providencia do 30 de abril do 2024, visto o informe sobre o particular do xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior do 21 de maio do 2024, e visto o disposto no artigo 104.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, segundo o cal o número, características e retribucións do persoal eventual só poden modificarse con motivo da aprobación dos orzamentos anuais, formúlase a seguinte

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO DICTÁME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, INNOVACIÓN TECNOLÓXICA E SEGURIDADE CIDADÁ, ADOITADO EN SESIÓN DE DATA 23 DE MAIO DO 2024:

1º.- No apartado terceiro da parte dispositiva, cambiar a súa redacción pola seguinte:

Terceiro.- Aprobar o cadro de persoal do Concello de Cambre para o ano 2024 segundo se transcribe a continuación:

CADRO PERSOAL 2024

FUNCIONARIOS

Denominación da Praza	PRAZAS	GRUPO-SUBGRUPO	Escala	Subescala	Clase
Secretaría Xeral	1	A1	Habilitación estatal	Secretaría	Superior
Interventor	1	A1	Habilitación estatal	Intervención-Tesourería	Superior
Tesoureiro	1	A1	Habilitación estatal	Intervención-Tesourería	Superior
Técnico	2	A1	Administración Xeral	Técnica	
Arquitecto	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Bibliotecaria-arquiteira	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Coordinador actividades culturais e educativas	1	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Coordinador de servizos sociais	1	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Axente de desenvolvemento local	3	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Técnico de promoción económica	1	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Técnico de xestión	2	A2	Administración xeral	Xestión	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Aparellador	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico industrial	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico de obras públicas	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Graduado social	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Técnico de xestión económico-financeira	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Traballadora social	3	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Educador social	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Dinamizador cultural	1	A2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Inspector policía local	1	A2	Administración Especial	Servicios especiais	Policía Local
Coordinador deportivo	1	B	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Administrativo	6	C1	Administración Xeral	Administrativo	
Delineante	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Encargado de obras	1	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Encargado de servizos	1	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Animador xuvenil	1	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Animador deportivo	2	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Oficial policía local	2	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Policía Local
Policía local	22	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Policía Local
Administrador sistema informático	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Informático auxiliar	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Auxiliar administrativo	26	C2	Administración Xeral	Auxiliar	
Auxiliar réxime interior	1	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Auxiliar turismo	1	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Auxiliar biblioteca-arquivo	6	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Auxiliar monitora 3ª idade	1	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Axente protección civil	4	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Informador xuvenil	1	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Conserxes	16	Outras agrupacións profesionais	Administración Xeral	Subalterna	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Capataz de brigada de obras	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Persoal de oficios
Oficial obras	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Persoal de oficios
Operario parque móbil e inmobles	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais.
Operario condutor	2	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Persoal de oficios
Operario servizos	3	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Persoal de oficios
Asistente domiciliaria	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
PERSOAL EVENTUAL					
Denominación posto de traballo		Número de prazas			
Asesor/a Alcaldía		1			
Asesor/a Alcaldía		1 (85% da xornada)			
Asesor/a de Cultura, Deportes e Xuventude		1			
Asesor/a de Servizos Sociais e Recursos Humanos		1			
Asesores/as de Obras, Servizos, Urbanismo, Transportes e Medio Ambiente		2			
Resumo					
Persoal funcionario		133			
Persoal eventual		6 (un ao 85% da xornada)			

2º.- Modificar o Anexo de Persoal incluído no Orzamento Xeral para 2024, Partida 912: Personal de confianza (Libre designación), cambiando a súa redacción pola seguinte:

PARTIDA 912: PERSOAL DE CONFIANZA (LIBRE DESIGNACIÓN)

POSTO	Salario base	C.Destino	C.Específico*	Total anual	Costes	Situación
	anual				Sociais	Adtva.
Asesor/a-Alcaldía	9.780,54	6.452,18	15.604,96	31.837,68	10.471,17	Ocupado
Asesor/a de Obras, Servizos, Urbanismo, Transporte e Medio Ambiente	9.780,54	6.452,18	15.604,96	31.837,68	10.471,17	vacante
Asesor/a-Alcaldía	9.780,54	6.452,18	15.604,96	31.837,68	10.471,17	vacante
Asesor/a de Servizos Sociais e Recursos Humanos	9.780,54	6.452,18	15.604,96	31.837,68	10.471,17	vacante
	9.448,60	6.233,27	15.071,84	30.753,71	10.471,17	vacante
Asesor/a de Cultura, Deportes e Xuventude	9.780,54	6.452,18	15.604,96	31.837,68	10.471,17	vacante



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Asesor/a de Obras, Servizos, Urbanismo, Transporte e Medio Ambiente	9.780,54	6.452,18	15.604,96	31.837,68	10.471,17	vacante
TOTAL	68.131,84	44.946,35	108.701,60	221.779,79	73.298,22	

(*) *Corresponde ao complemento específico aprobado no acordo do Pleno de xullo 2023 coa inclusión do incremento do 0,5% previsto no artigo 19.dos.2.a) da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o 2023 (BOE nº 239 de 6 de outubro de 2023), pendente da aplicación do incremento adicional do 0,5% previsto no artigo 19.dos.2.b) da referida Lei.»*

Consta dilixencia da Intervención municipal, de data 29 de maio de 2024 (CVD: pRkmWvZUB4IE6/cn4BoZ) na que, entre outras cousas, di:

“(…/…) Emito a seguinte **DILIXENCIA** para facer constar que se verifica a existencia de crédito axeitado e suficiente, a competencia do órgano (Pleno) ao que se lle propón a aprobación da emenda así como o cumprimento dos artigos 104.1 da LBRL e 201.1 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia.

No caso de que o Pleno acepte a emenda, é preceptivo que, de xeito paralelo e no referido ao persoal eventual, se proceda a modificar a Relación de Postos de Traballo nos termos da citada emenda. (…/…)”

Interveñen a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

A Sra. alcaldesa manifesta que a dende a Asociación Sementeira Cambre solicitouse poder intervir nesta sesión plenaria (escrito rexistrado de entrada ao núm. 202499900003414 o día 27 de maio de 2024) e concede a palabra a D.^a María José Corral Canzobre, secretaria da Asociación, que se atopa presente entre o público asistente.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda de data 29 de maio de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Abstencións: Unha (1), da Sra. Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a emenda de data 29 de maio de 2024 (CVD: IOt+1hPGpj7xl39PjyT).

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria do Pleno a proposta da Alcaldía de data 7 de maio de 2024 (CVD: sTpUR8aRRGxHNUGcsBc/), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión extraordinaria de data 23 de maio de 2024, e que transcrita di:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Efectuada a votación ordinaria, obtense o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Abstencións: Unha (1), da Sra. Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta da Alcaldía de data 7 de maio de 2024 (CVD: sTpUR8aRRGxHNUGcsBc/).

2.3. PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DOS CARGOS DA CORPORACIÓN A DESEMPEÑAR EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL, AS SÚAS RETRIBUCIÓNS, RÉXIME DE DEDICACIÓNS, ASÍ COMO FIXACIÓN DAS CONTÍAS A PERCIBIR EN CONCEPTO DE ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS

Acceso á videoacta – 01:01:54 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 7 de maio de 2024 (CVD: PkOS67LjTkroReb+0tqM), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión ordinaria de data 23 de maio de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDIA

Asunto: Proposta de determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións, réxime de dedicacións, así como fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións

A actividade xerada neste concello nas distintas áreas de xestión, a posta en marcha de proxectos que esixen un esforzo de planificación e de control da súa execución unido á necesidade de dinamizar a economía e os servizos a ofrecer aos veciños de Cambre obrigan á estrutura política a adecuarse convenientemente para a satisfacción das devanditas necesidades.

Todo iso supón a conveniencia de dotar dunha especial dedicación á Alcaldía e a determinadas concellerías delegadas, ao abeiro do artigo 75.1 da lei 7/1985, de bases do réxime local.

A Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local modificou a Lei 7/1985, de 2 de abril introducindo dúas importantes novidades, determinadas pola cifra oficial de poboación, en relación ao réxime retributivo dos membros das corporacións locais: a limitación no importe da retribución (artigo 75.bis) e a limitación no número cargos públicos con dedicación exclusiva (artigo 75 ter).

O artigo 75.bis preceptúa que os límites retributivos serán definidos, anualmente, polas leis de Orzamentos Xerais do



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Estado. Así, a disposición adicional vixésimoséptima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 dispón:

“De conformidade con lo previsto en el artículo 75 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local y considerando lo dispuesto en el artículo 21 de la presente ley, el límite máximo total que pueden percibir los miembros de las Corporaciones Locales por todos los conceptos retributivos y asistencias, excluidos los trienios a los que, en su caso, tengan derecho aquellos funcionarios de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales, será el que se recoge a continuación, atendiendo a su población:

Habitantes	Referencia – Euros
300.001 a 500.000.	104.544,03
150.001 a 300.000.	92.928,03
75.001 a 150.000.	87.120,59
50.001 a 75.000.	75.504,62
20.001 a 50.000.	63.888,61
10.001 a 20.000.	58.080,05
5.001 a 10.000.	52.272,61
1.000 a 5.000.	46.464,02

Por outra banda, o artigo 75.ter.1.g) establece que *“Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 20.001 e 35.000 habitantes, os membros que poderán prestar os servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de dez”*.

Corresponde ao Pleno da Corporación, a proposta do presidente, determinar, dentro da consignación contida para este fin no orzamento, a relación dos cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, e con dereito a retribución, así como as contías que lles correspondan a cada un deles tendo en conta o seu grao de responsabilidade.

En canto ao réxime económico das asistencias ás sesións dos órganos colexiados, o artigo 20.2 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia có artigo 75.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que:

“2 - Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, na contía que sinale o Pleno dela. Non obstante, todos poderán percibir esta clase de indemnizacións cando se trate de órganos rectores de organismos dependentes da Corporación local que teñan personalidade xurídica independente, de consellos de administración de empresas con capital ou control municipal ou de tribunais de probas para a selección do persoal.”

No que respecta ás indemnizacións polas despesas ocasionadas polo exercicio do cargo así como ás indemnizacións por desprazamento, manutención, aloxamento e outros gastos ocasionados como consecuencia directa do exercicio do cargo os artigos 20.1 e 21 do Regulamento orgánico municipal, de conformidade cós apartados 4 e 5 do artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, preceptúan que:

“Artigo 20 (Modificado: Pleno 27/01/2011)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1 – Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, percibirán indemnizacións polas despesas ocasionadas polo exercicio do cargo, cando sexan efectivas, e logo da súa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas, e as que en desenvolvemento delas aprobe o Pleno corporativo.

(...)

Artigo 21 (Modificado: Pleno 27/01/2011)

– Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, terán dereito a percibir indemnizacións por desprazamento, manutención, aloxamento e outros gastos ocasionados como consecuencia directa do exercicio do cargo.

– A contía deste tipo de indemnizacións fixarase polo Pleno do Concello, establecéndose a forma de percepción e os termos da súa xustificación nas bases de execución do orzamento anual. En ningún caso estas indemnizacións serán inferiores ás que puideran corresponderlles en aplicación da normativa estatal que as regula.

– A contía e regulación das indemnizacións por desprazamento, aloxamento e manutención estableceranse nas bases de execución dos orzamentos, e deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da Casa de Concello e na páxina web municipal.”

Tendo en conta canto antecede e as grandes áreas nas que se estruturan os servizos municipais

A interventora emitiu o 29.04.2024 o informe referencia LMR DEDICACIONES 1/2024 (CVD: dS01nT9aQSTHydgynoJW) coas seguintes conclusións:

<< (.../...) IV) CONCLUSIÓN S

1.- A normativa sobre réxime local recoñece o dereito dos membros das Corporacións Locais a percibir, con cargo ao Orzamento da Entidade Local, as retribucións que correspondan.

2.- Ao abeiro dos artigos 75.bis.1 e 75.ter.1.d) da lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e, dada a ausencia de normativa orzamentaria posterior, en virtude da disposición adicional vixésimoséptima da Lei 31/2022 do 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2024, o importe máximo total que o Concello de Cambre pode asumir na retribución de tódolos membros da corporación por tódolos conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios que se encontren en situación de servizos especiais, ascende a 638.886,10 € anuais.

A providencia de alcaldía de 18.04.2024 (CVD: pYXvrkSL2NZPgd7pIDYV) respecta esta cifra máxima.

3.- O número de cargos con **dedicación exclusiva** propostos pola alcaldesa na providencia de 18.04.2024 ((CVD: pYXvrkSL2NZPgd7pIDYV) así como o importe unitario de cada dedicación respectan, tendo en conta a cifra oficial de poboación do Concello de Cambre definida no Real Decreto 1085/2023, de 5 de decembro (BOE núm. 306 de 23.12.2023), os artigos 75.ter.1.d) da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime e 18.1 do RDLei 24/2018, de 21 de decembro polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

Se **advirte por escrito** que:

- Se ben o Pleno en sesión do 11.07.2023 aprobou para o cargo de alcalde unha dedicación parcial ao 90% por importe de 40.000,00 €, se calculamos cal sería o equivalente en termos de dedicación exclusiva (100%) resulta unha cuantía de 44.445,00 €/anuais. En consecuencia conséntase que o importe da **dedicación** correspondente ao **cargo de alcalde/esa** experimenta un **incremento do 33,29% anual (14.793,54 €/anual)**.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- De conformidade có artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, a percepción de tales retribucións será **incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas** e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenrolo doutras actividades, todo elo nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- En virtude do artigo 13 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o recoñecemento da dedicación exclusiva a un membro da Corporación Local **exixirá ademais da súa aceptación expresa, a dedicación preferente do mesmo ás tarefas propias do seu cargo**, sen perxuício doutras ocupacións marxinais que, en calquera caso, non poderán causar detrimento á súa dedicación á Corporación, requiríndose declaración formal de compatibilidade por parte do Pleno no caso de que tales ocupacións sexan remuneradas. Debe ser o **grado de responsabilidade o que determine a cuantía monetaria que se asigna ao cargo con dedicación exclusiva**.

4.- A dedicación parcial proposta pola alcaldesa na providencia de 18.04.2024 (CVD: pYXvrkSL2NZPg7pIDYV) respecta a proporcionalidade con respecto ás concellerías delegadas con dedicación exclusiva e é atribuída a un cargo que ostenta delegación (Área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá), e polo tanto, responsabilidades que así o poden requirir.

Se **advirte por escrito** que:

- **Non se define o réxime da dedicación mínima necesaria** para a percepción destas retribucións, a cal, de conformidade có artigo 18.2 do Regulamento Orgánico municipal non pode ser inferior a 20 horas semanais. A palabra "réxime" exige regulación e busca a transparencia e o control, de xeito que haberá que arbitrar en todo caso mecanismos que permitan garantir e controlar o cumprimento da dedicación exixida.
- É importante a regulación do réxime de dedicación parcial que faga o Pleno da Corporación. No caso dos membros electivos que sexan persoal das Administracións Públicas e dos entes, organismo e empresas deles dependentes, só poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo nos termos sinalados no artigo 53/1984, de 26 de decembro, sen perxuício do disposto no apartado sexto do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local. Tal regulación ven a supoñer que, ao fixar o réxime da dedicación parcial dos membros electivos dunha Corporación Local que pertenza ao sector público, o Pleno debe facelo coa precisión suficiente para que se concrete o seu horario, que non pode solaparse coa xornada que ten na Administración á que pertenza, e asemade debe comunicarse a esta última tanto a xornada da dedicación parcial no cargo electivo como as retribucións que por ela perciba. Recíprocamente, a Administración á que pertenza o electo debe comunicar á Corporación a xornada de traballo e a retribución que percibe dela. De este xeito se consegue transparencia e se evitan solapamentos de xornada e, polo tanto, a percepción de dobres retribucións por unha mesma xornada.
- Polo que se refire aos membros electivos en réxime de dedicación parcial que pertencen ao sector privado, tamén debe o Pleno fixar o réxime da súa dedicación. Sen dúbida aquí hai unha maior marxe de flexibilidade ao non existir a limitación antes indicada para os electos que pertencen ao sector público aínda que isto non significa que poida determinarse o réxime dunha maneira absolutamente flexible e sen mecanismos de control.
- Aos concelleiros con dedicación parcial aplicaráselles as incompatibilidades de tipo retributivo contempladas no artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas según o cal podrán percibir retribucións por tal dedicación, sempre que la desempeñen fuera de su jornada de trabajo en la Administración, y sin superar en ningún caso los límites que con carácter general se establezcan, en su caso. La Administración en la que preste sus servicios un miembro de una Corporación local en régimen de dedicación parcial y esta última deberán comunicarse recíprocamente su jornada en cada una de ellas y las retribuciones que perciban, así como cualquier modificación que se produzca en ellas
- Se ben non se encontra outro precepto que regule incompatibilidades de forma expresa respecto dos concelleiros con dedicación a tempo parcial e que fagan referencia a outros condicionantes, como por exemplo os asuntos a



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

tratar, non pode obviarse o feito de que o concepto de cargo público caracterízase polas ideas de desinterese privado e confianza pública. En consecuencia, ademáis de solicitar o recoñecemento de compatibilidade sería conveniente, no caso de que dita actividade reporte ingresos económicos, inscribila no Rexistro de intereses.

5.- O artigo 39.3 da lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas e diversas sentenzas citadas na consideración xurídica.5.- deste informe permiten dotar de eficacia retroactiva ás dedicacións exclusivas e parciais á data de aceptación dos cargos correspondentes sempre que os supostos de feito necesarios existan xa na data á que se retrotraiga a eficacia do acto e que coa aplicación retroactiva do acto non se lesionen dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

Polo que respecta á retroactividade da cotización á seguridade social o pronunciamento ao respecto corresponde á Seguridade Social e en caso de ser favorable se advirte por escrito que o Concello de Cambre se enfrenta a una posible multa/sanción por comunicación extemporánea.

6.- De conformidade có exposto na consideración xurídica.3.-, do presente informe se verifica a existencia de crédito axeitado e suficiente nos termos e coas precisións sinaladas no mesmo.

7.- As Corporacións Locais están obrigadas a publicar integramente no Boletín Oficial da Provincia e a fixar no Taboleiro de Anuncios da Corporación os seguintes acordos:

- Os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos electivos con dedicación exclusiva e parcial.
- Os acordos plenarios sobre o réxime de dedicación dos membros electivos con dedicación parcial.
- Os acordos plenarios das contías das asistencias e indemnizacións.
- Os acordos do Presidente da corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial. (.../...) >>

Tendo en conta canto antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Determinar os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual (sen ter en conta a antigüidade a abonar pola administración de orixe en caso de servizos especiais) seguinte:

Alcaldesa-Presidenta: 59.238,54 €

Concellería con delegación especial dos servizos de Desenvolvemento Asociativo, Educación e Sanidade, incluídos na Área de Presidencia: 32.000,00 €

Concellería da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos: 32.000,00 €

Concellería da Área de Cultura, Deportes e Xuventude: 32.000,00 €

Concellería da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo: 32.000,00 €

Segundo: Determinar o seguinte cargo da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación parcial ao 75% da xornada, e coa retribución bruta anual seguinte:

Concellería da Área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá: 24.000,00 €

Terceiro: As retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial incrementaranse na porcentaxe que o Goberno fixe nas respectivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado para os empregados públicos, incluída a que neste 2024 aínda está sen publicar.

Cuarto: As retribucións arriba indicadas faranse efectivas dende a aceptación dos cargos, polo que serán de aplicación con carácter retroactivo dende o 22.03.2024 no caso do cargo da Alcaldesa, e para o resto das concellerías delegadas, dende a data de aceptación expresa do nomeamento do cargo de concelleiro/a delegado/a.

Quinto: Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte as seguintes contías:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Plenos: 300 €
Comisións Informativas: 300 €
Xunta de Voceiros: 150 €
Xunta de Goberno Local ordinaria: 300 €
Xunta de Goberno Local extraordinaria: 0 €

Para percibir a totalidade da asistencia será obrigatorio, salvo causa sobrevenida de forza maior debidamente xustificada, que os/as concelleiros/as non abandonen a sesión ata que o alcalde dé por rematada a mesma.

A asistencia a varias sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xunta de Voceiros que teñan lugar nun mesmo día, computaranse como unha soa asistencia.

Sexto: Os membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Terán, así mesmo, dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón de servizo.

En todo caso, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no Real decreto 462/2002 e demais normativa estatal vixente na materia.

Sétimo: De conformidade có establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publíquense integramente no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os anteriores acordos.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura extractada da proposta.

Interveñen a concelleira do PP, Sra. Espiñeira Galán, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Rodríguez López, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 7 de maio de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catorce (14), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Cuatro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Abstencións: Tres(3), dos/a Sres./a: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 7 de maio de 2024 (CVD: PkOS67LjTkroReb+0tqM), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.4. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “REFORMA DO PARQUE INFANTIL SITUADO EN RÚA FRANCISCO RODRÍGUEZ”, INCLUÍDO NO POS+ ADICIONAL 2/2023, TRALA SÚA CORRECCIÓN

Acceso á videoacta – 01:31:20 horas



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 23 de maio de 2024 (CVD: 8d5rZjZpq24ERmXFrisp), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes, Medio Ambiente, Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, na sesión ordinaria de data 23 de maio de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, TRANSPORTES E MEDIO AMBIENTE

O Pleno municipal, en sesión extraordinaria de data 21 de setembro de 2023 aprobou, entre outros, o proxecto que de seguido se relaciona, incluído no Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (POS+) Adicional 2/2023”:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
REFORMA DO PARQUE INFANTIL SITUADO NA RUA FRANCISCO RODRIGUEZ (CAMBRE)	Gustavo Vázquez Herrero Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos. Col. 17.803	144.757,06€

Con data 2 de novembro de 2023, recíbese notificación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, no que se dispón que revisada a documentación presentada, atopáronse as seguintes deficiencias no proxecto:

- A obra atopase dentro do ámbito de aplicación da Orde TMA/851/2021 por tratarse dun espazo público urbanizado segundo o art. 3 desta, e polo tanto deberá xustificarse o seu cumprimento.
- O proxecto debe xustificar o cumprimento do Decreto 245/2003 polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.
- Dentro do prego de prescricións técnicas, no título I refírese a obra dunha estrada, nel citase o prego de prescricións técnicas xerais a obras de estradas e pontes e citase a normativa de estradas.

Visto que o proxecto foi corrixido e asinado dixitalmente o día 10 de novembro de 2023 polo técnico redactor don Gustavo Vázquez Herrero, da empresa *Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L.*, adxudicatario do servizo de “Redacción de proxectos e direccións de obra da área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre” (revisión 01), sen que as correccións efectuadas afecten ao obxecto e orzamento do proxecto.

Visto o escrito remitido pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada 20230000005952 do 21 de decembro de 2023, no que se establece que revisada a documentación achegada polo Concello de Cambre, o proxecto correspondente a este investimento (Reforma do parque infantil situado na rúa Francisco Rodríguez (Cambre)) foi supervisado polos servizos técnicos da Deputación, emitíndose o 18 de decembro de 2023 un informe favorable, e que para continuar coa tramitación do proxecto e o levantamento da condición á que quedou sometido este investimento deberá achegarse a certificación da súa aprobación polo órgano competente do concello.

Visto o informe conforme ao proxecto emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Alberto Serrano Souto, de data 23 de abril de 2024 (CVD: 3VGXtD2FicO71CidOR+I).

Visto o informe favorable emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero, o día 14 de maio de 2024 (CVD: a4p5L8B6J15++Iz7t+GI).

Visto canto antecede, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobado o proxecto denominado “Reforma do parque infantil situado na rúa Francisco Rodríguez, Cambre” (revisión 01), incluído no POS+ Adicional 2/2023, asinado dixitalmente polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Gustavo Vázquez Herrero (colexiado nº 17803) o 10 de novembro de 2023.

Segundo: Remitir este acordo á Deputación Provincial da Coruña.»



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen explica a proposta.

(Cando son as doce horas e trinta e dous minutos auséntase do salón de sesións a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas)

Intervén o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

(Cando son as trece horas e trinta e tres minutos reincorpórase ao salón de sesións a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas)

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 23 de maio de 2024, que é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 23 de maio de 2024 (CVD: 8d5rZjZpq24ERmXFrisp), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.5. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “MELLORA FUNCIONAL DO PASEO DOS TEMPLARIOS FASE 0 (O TEMPLE)”, INCLUÍDO NO POS+ ADICIONAL 2/2023, TRALA SÚA CORRECCIÓN

Acceso á videoacta – 01:34:52 horas

(Cando son as doce horas e trinta e cinco minutos auséntase do salón de sesións a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes)

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 23 de maio de 2024 (CVD: P58nvY0mAIE3N4v7nUqp), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes, Medio Ambiente, Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, na sesión ordinaria de data 23 de maio de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA DO CONCELEIRO DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, TRANSPORTES E MEDIO AMBIENTE

O Pleno municipal, en sesión extraordinaria de data 21 de setembro de 2023 aprobou, entre outros, o proxecto que de seguido se relaciona, incluído no Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (POS+) Adicional 2/2023”:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
MELLRA FUNCIONAL DO PASEO DOS TEMPLARIOS FASE 0 (O TEMPLE)	Gustavo Vázquez Herrero Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos. Col. 17.803	199.187,43€

Con data 2 de novembro de 2023, recíbese notificación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, no que se dispón que revisada a documentación presentada, atopáronse as seguintes deficiencias no proxecto:

Orzamento



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- O cálculo da man de obra establecido na memoria (páx. 41 do PDF) non coincide que aparece no orzamento
- O listado de prezos unitarios de man de obra contén distintos prezos para os mesmos oficios
- Sería conveniente, para a revisión do proxecto e para a execución da obra, que o orzamento tivera una codificación decimal das partidas relacionadas co capítulo ao que pertencen (01.01, 01.02)
- O cadro de prezos descompostos contén diversos erros: título do primeiro capítulo é erróneo
 - seis destes prezos non coinciden coas mesmas partidas do rozamento (01.05, 02.01, 02.02, 04.03, 05.10 e 05.11)
 - os traballos recollidos no prezo descomposto 06.01 non parecen formar parte deste proxecto
 - nos descompostos de varios prezos hai incongruencias estre a definición e a cantidade de material (02.01 - 0,28 m³ de formigón?, 02.02 - 0,21 m³ de formigón?, 02.03 e 02.04 - prezos "a 0", 02.05 - ml/ud, 03.02 - 4ud/m² ou 8 ud/m² ?, 05.03 - 4 cables ou 5 cables?, 05.06 e 05.07 - 0,2 ud de arqueta? 0,1 ud de marco?, etc.) Cómpre revisar estes e outros prezos.
 - temos 2 tipos de bancos distintos co mesmo prezo
 - prezo da tubaxe de polietileno (05.04) semella baixo

Accesibilidade

Debe xustificarse o cumprimento da Orde TMA/851/2021

Seguridade e Saúde

Parece haber unha incongruencia entre a duración das obras e a esixencia de tan só un estudo básico de seguridade e saúde

Xestión de residuos

- O estudo é xenérico e non se corresponde coas características da obras
- As cantidades que aparecen no capítulo de demolicións do orzamento non se corresponde coas medicións do capítulo de xestión de residuos
- O prezo descomposto do contedor de 1 m³ tamén ten un erro.

Visto o proxecto corrixido asinado o día 20 de febreiro de 2024 polo técnico redactor don Gustavo Vázquez Herrero, da empresa *Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L.*, adjudicataria do servizo de "Redacción de proxectos e direccións de obra da área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre", sen que as correccións efectuadas afecten ao obxecto e orzamento do proxecto.

Visto o escrito remitido pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada 20240000002104 do 2 de maio de 2024, no que se establece que revisada a documentación achegada polo Concello de Cambre, o proxecto correspondente a este investimento (Mellora funcional do Paseo dos Templarios fase 0 (O Temple)), debe ser aprobado polo órgano competente do concello.

Visto o informe conforme ao proxecto corrixido emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Alberto Serrano Souto, de data 3 de maio de 2024 (CVD: kBnHA+teIM3WsPIOK6ol).

Visto o informe favorable emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero, o día 14 de maio de 2024 (CVD: sNaDuoFKuS6fjxzBmhhs).

Visto canto antecede, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o proxecto corrixido denominado "Mellora funcional do paseo dos Templarios Fase 0 (O Temple)", incluído no POS+ Adicional 2/2023, asinado dixitalmente polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Gustavo Vázquez Herrero (colexiado nº 17803) o 20 de febreiro de 2024.

Segundo: Remitir este acordo á Deputación Provincial da Coruña.»



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen explica a proposta.

Interveñen o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez e o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós.

(Cando son as trece horas e trinta e sete minutos reincorpórase ao salón de sesións a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes. Seguidamente auséntase do salón o concelleiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei)

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 23 de maio de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezasete (17), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Catro(4), dos/a Sres./a: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández e Alcantarilla Rei (este último en virtude do artigo 106.2 do Regulamento orgánico municipal).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 23 de maio de 2024 (CVD: P58nvY0mAIE3N4v7nUqp), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

(Cando son as trece horas e trinta e nove minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei)

2.6. MOCIÓN URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 01:39:40 horas

A) A Sra. Presidenta intervén e manifesta que desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, a moción de aprobación do expediente de suplemento de crédito número 1/2024 e crédito extraordinario número 1/2024, e concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen xustifica a urxencia en que di que consideran que é inaprazable este suplemento de crédito para poder facer fronte ás necesidades que nel se explican, xa que tanto repoñer as partidas utilizadas no REC como facer fronte ás anualidades pasadas dos convenios e subvencións son realmente urxentes e con isto intentan procurar canto antes cumprir o principio de anualidade con estes convenios e subvencións; di que dende o grupo de goberno entenden que non se debe demorar o tratamento e aprobación, se procede, deste suplemento de crédito.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do citado asunto, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e votación a moción de Alcaldía de data 27 de maio de 2024 (CVD: X/WaQKaRYxCZLCCw0VUt), que transcrita di:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

«MOCIÓN DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 1/2024 E CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 1/2024

Visto que a liquidación do orzamento do exercicio 2023 arroxa un Remanente Líquido de Tesourería positivo de 19.692.181,52 euros.

Visto que o superávit orzamentario derivado da liquidación do exercizo 2023 situase en 4.576.545,04 euros.

Visto que as regras fiscais aplicables as Administracións Públicas quedan reactivadas no 2024.

Visto que, dado que as regras fiscais estiveron suspendidas no ano 2023 non é de aplicación o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira relativo ao destino do superávit. Nembargantes, debe terse en conta que a utilización do superávit resultante da liquidación orzamentaria de 2023 terá efecto sobre o cumprimento do superávit orzamentario e da regra de gasto de 2024.

Vista a memoria de Alcaldía (CVD: RqfvnrLfA80zKksHpzSm) se detallan e xustifican os gastos obxecto deste expediente.

Vista a imposibilidade de demorar este gasto e a imposibilidade de financiamento mediante baixas noutras aplicacións.

Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e o crédito consignado no Orzamento sexa insuficiente, a Corporación poderá acordar unha concesión de suplemento de crédito, e cando o crédito consignado no Orzamento sexa inexistente, de crédito extraordinario.

Visto o disposto na décimo segunda das Bases de execución do orzamento para 2023 prorrogado ao 2024, e a dispoñibilidade de financiamento con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Visto o informe da intervención municipal referencia LMR CE01_SC01 / 2024, asinado o 27.05.2024 (CVD: +P6dqKXnAYNVTxEG8Wpw) coas seguintes conclusións:

“(…/…)IV) CONCLUSIÓN.S.

Infórmase desfavorablemente no que respecta ao cumprimento do requisito exixido polo artigo 177.1 do TRLFL (*…Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente…*) polos motivos sinalados na consideración xurídica TERCEIRA.DOUS do presente informe.

Advirto por escrito que, se ben ao estar suspendas as regras fiscais no exercicio 2023 non é obrigatorio destinar o superávit orzamentario aos fins detallados no artigo 32 da LOEPSF, a utilización do remanente de tesourería para gastos xerais como medio de financiamento pode provocar que a liquidación do exercicio 2024 se situe nunha situación de inestabilidade orzamentaria e de incumprimento de regra de gasto (*…/…*)”

Visto o informe da intervención municipal referencia LMR ESTABILIDADE CE01_SC01 / 2024, asinado o 27.05.2024 (CVD: 8swuo4ntNfmHIMcP2EGq) coas seguintes conclusións:

“(…/…)4. CONCLUSIÓN.S SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E NIVEL DE DÉBEDA.

1. A aprobación deste modificativo non derivaría, a priori, en incumprimento da estabilidade orzamentaria. O cumprimento da regra de gasto verificarase con obxecto da aprobación da liquidación do exercicio 2024.

2. As regras fiscais quedan reactivadas para o ano 2024, pero dado que as mesmas estiveron suspendidas no ano 2023 non é de aplicación o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira relativo ao destino do superávit. Nembargantes, debe terse en conta que a utilización do superávit resultante da liquidación orzamentaria de 2023 terá efecto negativo sobre o cumprimento do superávit orzamentario e da regra de gasto de 2024.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

4. Respecto ao destino do superávit orzamentario do exercicio 2023 queda en suspenso a aplicación do art 12.5 e 32 da LOEPYSF. O ministerio insistiu que segue sendo desexable que o superávit se destine á redución de débeda pública, con arranxo ao art. 32 LOEPYSF, esta regra xeral pode non aplicarse a partir do momento no que se suspenderon as regras fiscais en 2023 xa que estas son o fundamento daquela regra. Ao non ser aplicable a regra xeral, tampouco é necesaria a regra especial de destinar o superávit a investimentos financeiramente sostibles. O uso do remanente de tesourería para financiar modificacións orzamentarias rexerese con carácter xeral polo disposto no TRLRHL xa que non precisa da súa utilización con carácter previo para amortizar débeda.

5. Ha de terse en conta que o incumplimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto na liquidación do orzamento de 2024 sí dara lugar á aplicación das medidas preventivas, correctivas e coercitivas previstas na da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril en 2025. (.../...)"

É polo que proponho ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 1/2024 por importe de 2.369.386,45 euros e de crédito extraordinario número 1/2024 por importe de 715.479,62 euros segundo a memoria de Alcaldía (CVD: RqfvnrLfA80zKksHpzSm) e cuxo detalle e o que segue:

Créditos necesarios:

Aplicación	Denominación	Créditos iniciais	Mod. anterior	Mod. Proposta SC1/2024 CE1/2024	Créditos definitivos
334 78000	Subv. Capital promocion cultural	4.000,00 €	- €	6.362,36 €	10.362,36 €
341 78000	Subv. Capital fomento Deportes	7.000,00 €	- €	10.161,74 €	17.161,74 €
231 47900	FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE	1.000,00 €	- €	17.000,00 €	18.000,00 €
231 48000	Ayudas emergencia social	119.029,62 €	- €	19.848,29 €	138.877,91 €
132 20400	Alquiler elementos de transporte seguridad y orden público	36.000,00 €	- €	33.820,99 €	69.820,99 €
151 22706	Estudios y trabajos técnicos de urbanismo	218.000,00 €	- €	80.182,89 €	298.182,89 €
161 22101	Suministro agua	600.000,00 €	- €	600.000,00 €	1.200.000,00 €
160 22799	Depuración aguas residuales y alcantarillado	378.000,00 €	- €	263.136,44 €	641.136,44 €
171 21000	Mante. Infraestructuras parques y jardines	50.000,00 €	- €	50.000,00 €	100.000,00 €
171 22799	Servicio mantenimiento de jardines	500.000,00 €	- €	66.490,66 €	566.490,66 €



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1721 22699	Otros gastos diversos protección medioambiente	26.828,35 €	- €	24.001,06 €	50.829,41 €
1721 22606	Conferencias y cursos medioambiente	15.000,00 €	- €	600,00 €	15.600,00 €
231 21200	Manten. Edificios aten. Social primaria	2.000,00 €	- €	760,29 €	2.760,29 €
231 48000	Ayudas emergencia social	119.029,62 €	- €	9.458,00 €	128.487,62 €
311 22799	Servicio de desratización	20.500,00 €	- €	10.189,94 €	30.689,94 €
323 21200	Mantenimiento edificios enseñ. Infantil y primaria	102.500,00 €	- €	50.281,42 €	152.781,42 €
323 45100	Liquidación Consorcio Galego Servizos Sociais	160.000,00 €	- €	58.568,95 €	218.568,95 €
341 22799	Servicios actividades deportivas	86.000,00 €	- €	87.168,89 €	173.168,89 €
433 22699	Otros gastos diversos promoc. act. económica	150.000,00 €	- €	59.618,93 €	209.618,93 €
920 22799	Otros trabajos realizados Adm. General	100.000,00 €	- €	90.000,00 €	190.000,00 €
920 22100	Energía eléctrica Adm General	150.000,00 €	- €	150.000,00 €	300.000,00 €
920 22200	Servicio de Telecomunicaciones Admin. General	90.000,00 €	- €	90.000,00 €	180.000,00 €
931 22708	Servicios de recuadación	378.000,00 €	- €	280.821,80 €	658.821,80 €
334 21200	Manten. Edificios promoc. Cultural	30.000,00 €	- €	77.641,87 €	107.641,87 €
241 22700	Limpieza fomento de empleo	25.000,00 €	- €	25.774,93 €	50.774,93 €
163 22700	Limpieza viaria	340.000,00 €	- €	100.000,00 €	440.000,00 €
231 22799	Servicio Ayuda a Domicilio	1.234.000,00 €	150.000,00 €	107.497,00 €	1.491.497,00 €
326 48900	ANPAS centros escolares	- €	- €	12.459,01 €	12.459,01 €
334 48900	Subv. Sin animo de lucro libre conc. promocion cultural	- €	- €	45.323,48 €	45.323,48 €



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

341 48900	Instituciones sin animo de lucro Deportes	- €	- €	64.873,36 €	64.873,36 €
338 48900	Subv. Sin animo de lucro festejos populares	- €	- €	81.143,22 €	81.143,22 €
338 48100	Becas y premios festejos populares	- €	- €	5.800,00 €	5.800,00 €
334 48100	Becas y premios promocion cultural	- €	- €	2.824,00 €	2.824,00 €
334 48901	ASOCIACION SEMENTEIRA CAMBRE	- €	- €	63.000,00 €	63.000,00 €
334 48902	FUNDACIÓN W. FERNÁNDEZ FLÓREZ	- €	- €	12.000,00 €	12.000,00 €
341 48905	CLUBES DE FUTBOL CAMBRE	- €	- €	62.000,00 €	62.000,00 €
341 48904	CAMBRE BALONCESTO	- €	- €	18.000,00 €	18.000,00 €
341 48901	CLUB CICLISTA CAMBRE	- €	- €	35.000,00 €	35.000,00 €
341 48910	BOLSAS DEPORTISTAS	- €	- €	34.288,96 €	34.288,96 €
341 48100	BECAS Y PREMIOS PROMOCIÓN DEPORTES	- €	- €	3.640,00 €	3.640,00 €
326 48902	Convenio ANPA CEIP WFF	- €	- €	30.120,00 €	30.120,00 €
326 48903	Convenio ANPA CEIP Portofaro	- €	- €	16.776,00 €	16.776,00 €
326 48904	Convenio ANPA CEIP Emilio González López	- €	- €	18.211,91 €	18.211,91 €
326 48905	Convenio ANPA CEIP Gonzalo Torrente Ballester	- €	- €	22.013,44 €	22.013,44 €
326 48906	Convenio ANPA CEIP O Graxal	- €	- €	6.976,00 €	6.976,00 €
326 48100	Becas de estudio y libros educación	- €	- €	24.000,00 €	24.000,00 €
433 47000	Consolida Cambre Autónomos	- €	- €	48.676,68 €	48.676,68 €
433 47002	PEL REACTIVA	- €	- €	2.000,00 €	2.000,00 €



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

433 47900	ASOCIACIONES EMPRESARIALES	- €	- €	18.753,56 €	18.753,56 €
433 48100	Becas de premios de promoción empresarial	- €	- €	7.500,00 €	7.500,00 €
231 48004	SUBVENCIÓN ADRA TEMPLE	- €	- €	10.000,00 €	10.000,00 €
231 48903	CONVENIO CRUZ ROJA	- €	- €	4.000,00 €	4.000,00 €
151 60000	Expropiaciones	- €	- €	30.100,00 €	30.100,00 €
151 35200	Intereses de demora	- €	- €	3.000,00 €	3.000,00 €
231 22611	Actividades Tercera Edad	- €	- €	33.000,00 €	33.000,00 €
TOTAIS		4.941.887,59 €	- €	3.084.866,07 €	8.176.753,66 €

Recursos:

Tal como se mencionou anteriormente, os recursos desta modificación de crédito proceden do remanente de tesourería derivado da liquidación do exercicio 2023

Concepto orzamentario	Consignación antes deste expediente	Mod. Proposta SC 1/2024 – CE1/2024	Total consignación resultante
870.00	0,00€	3.084.866,07 €	3.084.866,07 €
TOTAL MODIFICACIÓN PROPOSTA SC 1/2024 – CE1/2024		3.084.866,07 €	

Resumo:

Cantidade que se utiliza procedente do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais 2023	3.084.866,07€
Procedente de novos ou maiores ingresos no Presuposto corrente	0,00€
Por baixas por anulación parcial ou total doutras partidas no Presuposto	0,00€
Procedente de operación de crédito	0,00€

IMPORTE TOTAL RECURSOS FINANCIACION..... 3.084.866,07 €

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Terceiro: No caso de que non haxa reclamacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior. De seguido, procederáse á publicación do acordo definitivo, tal e como o esixe o artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais e artigos 34, 40, 41, 20 e 22 do R.d. 500/1990, do 20 de abril.

Cuarto: No caso de que as persoas interesadas presenten reclamacións, resolveráas o Pleno Corporativo cos informes oportunos previos. Unha vez que o Pleno as resolva, procederáse como se indicou no parágrafo anterior.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura extractada á moción.

A continuación, intervén o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, quen manifesta que o PP, Partido Socialista e BNG queren presentar ao pleno unha proposta de modificación da moción na que solicitan que no suplemento de crédito soamente sexan incluídas as partidas relativas a subvencións e convenios pendentes de pago de anos anteriores das áreas de Cultura, Deporte, Xuventude, Desenvolvemento Local e Servizos Sociais, recollidos no punto primeiro da proposta e que suman un total de 702.752,01 €; di que con iso agardan que as bolsas, axudas, convenios e subvencións cheguen canto antes aos seus beneficiarios.

A continuación fan entrega de escrito á Presidencia, así como á secretaria da Corporación, relativo á proposta de modificación e relación detallada das partidas, tal e como se transcribe a continuación:

«PROPOSTA DO PARTIDO POPULAR, PARTIDO SOCIALISTA E BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE MODIFICACIÓN DA MOCIÓN 2.6.A DO PLENO ORDINARIO DO 30 DE MAIO DE 2024, REFERENTE O SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 1/2024 E CRÉDITO EXTRAORDINARIO 17/2024.

Despois da revisión da proposta de moción 2.6.A. do pleno do 30 de maio de suplemento de crédito 1/2024 e crédito extraordinario 1/2024, solicitamos que soamente sexan incluídas as partidas referentes a **subvencións e convenios pendentes** de pago de anos anteriores das áreas de Deportes, Cultura, Xuventude, Desenvolvemento local e Servizos Sociais por importe total de **702.752,01 euros**, recollidas no punto Primeiro da proposta que se leva a pleno, sendo por tanto anuladas o resto das partidas do suplemento de crédito e do crédito extraordinario recollidas na moción.

A continuación se enumeran as partidas e importes de subvencións e convenios pendientes de pago que deben incluírse na proposta de moción por importe de 702.752,01 euros, quedando por tanto o punto primeiro da propota de moción da seguinte maneira:

Aplicación	- Denominación	Mod. Proposta SC1/2024 CE1/2024
334 78000	- Subv. Capital promocion cultural	6.362,36 €
341 78000	- Subv. Capital fomento Deportes	10.161,74 €
231 47900	- FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE	17.000,00 €
231 48000	- Ayudas emergencia social	19.848,29 €
326 48900	- ANPAS centros escolares	12.459,01 €
334 48900	- Subv. Sin animo de lucro libre conc. promocion cultural	45.323,48 €
341 48900	- Instituciones sin animo de lucro Deportes	64.873,36 €
338 48900	- Subv. Sin animo de lucro festejos populares	81.143,22 €
338 48100	- Becas y premios festejos populares	5.800,00 €



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

334 48100	-	Becas y premios promocion cultural	2.824,00 €
334 48901	-	ASOCIACION SEMENTEIRA CAMBRE	63.000,00 €
334 48902	-	FUNDACIÓN W. FERNÁNDEZ FLÓREZ	12.000,00 €
341 48905	-	CLUBES DE FUTBOL CAMBRE	62.000,00 €
341 48904	-	CAMBRE BALONCESTO	18.000,00 €
341 48901	-	CLUB CICLISTA CAMBRE	35.000,00 €
341 48910	-	BOLSAS DEPORTISTAS	34.288,96 €
341 48100	-	BECAS Y PREMIOS PROMOCIÓN DEPORTES	3.640,00 €
326 48902	-	Convenio ANPA CEIP WFF	30.120,00 €
326 48903	-	Convenio ANPA CEIP Portofaro	16.776,00 €
326 48904	-	Convenio ANPA CEIP Emilio González López	18.211,91 €
326 48905	-	Convenio ANPA CEIP Gonzalo Torrente Ballester	22.013,44 €
326 48906	-	Convenio ANPA CEIP O Graxal	6.976,00 €
326 48100	-	Becas de estudio y libros educación	24.000,00 €
433 47000	-	Consolida Cambre Autónomos	48.676,68 €
433 47002	-	PEL REACTIVA	2.000,00 €
433 47900	-	ASOCIACIONES EMPRESARIALES	18.753,56 €
433 48100	-	Becas de premios de promoción empresarial	7.500,00 €
231 48004	-	SUBVENCIÓN ADRA TEMPLE	10.000,00 €
231 48903	-	CONVENIO CRUZ ROJA	4.000,00 €

Total modificación propuesta SC 1/2024 – CE 1/2024

702.752,01 €

A continuación interveñen o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sr. Parcero Quiñoy, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de modificación formulada polos grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE e BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Votos en contra: Dez (10), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta de modificación tal e como foi transcrita.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción de Alcaldía de data 27 de maio de 2024, coas modificacións que resultan da proposta de modificación aprobada anteriormente, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Votos en contra: Dez (10), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción de aprobación do expediente de suplemento de crédito número 1/2024 e crédito extraordinario número 1/2024, coas modificacións que resultan da proposta de modificación aprobada.

Acceso á videoacta – 02:12:32 horas

B) A Sra. Presidenta intervé e manifesta que desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, a moción de aprobación da modificación da base de execución do orzamento reguladora das subvencións nominativas, e concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen xustifica a urxencia en que di que esta aprobación non pode pospoñerse xa que ela, a criterio da Intervención municipal, é condición *sine qua non* para a aprobación do suplemento de crédito, polo tanto, di que é imperativo o seu debate e votación, se procede, neste momento.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do citado asunto, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e votación a moción de Alcaldía de data 28 de maio de 2024 (CVD: 07lva0jnblljGKCYdj7Jx), que transcrita di:

«MOCION DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO REGULADORA DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

Visto o informe có asunto *subvencións e convenios pendentes de concesión/aprobación/sinatura e importes*, asinado pola coordinadora de servizos sociais o 10.05.2024 (CVD: sPrfoj8Wkw8eO7vfvI) no que se detallan as seguintes subvencións nominativas pendentes:

“(…/…)”

1. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A FUNDACIÓN ADRA (AXENCIA ADVENTISTA PARA O DESENVOLVEMENTO E RECURSOS ASISTENCIAIS)

Pendente:



- Fiscalización o exercicio 2022 (enviado por última vez a intervención para revisión o 19/02/23 e devolto o 20/02/23 por non haber crédito): 5000€.
- Revisión e sinatura convenio exercicio 2023: 5000€.
- Pendente enviar o Convenio 2024: 5000€.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO PRECISO PARA CONVENIO ADRA: 15.000€.

2. FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN

Pendente:

- Abono factura exercicio 2023: 17000€
- Presupostado para o exercicio 2024: 17000€.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO PRECISO PARA FONDO GALEGO COOPERACIÓN: 34000€.

3. CONVENIO ENTRE A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA DESENVOLVER O PROGRAMA DE REPARTO DE ALIMENTOS A TRAVÉS DA DESPENSA MUNICIPAL DE CAMBRE

Pendente:

- Revisión e sinatura Convenio 2023: 4000€.
- Pendente elaborar e enviar Convenio exercicio 2024: 4000€.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO PRECISO PARA CONVENIO CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA: 8000€. (.../...)"

Visto o informe có asunto *informe que se emite polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Educación relativo a aos convenios e subvencións pendentes*, asinado o 15.05.2024 (CVD: J3bRLPfOpbuKjKZVLWon) no que se detallan as seguintes subvencións nominativas pendentes:

"(.../...) 4. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A ASOCIACIÓN SEMENTEIRA CAMBRE

Pendente:

- 2022 (2022/A004/000004): Pendente acreditación de fondos recibidos
- 2023 (2023/A004/000002): Pendente revisión e sinatura convenio: 63.000,00 €
- 2024 Pendente revisión convenio: 63.000,00 €

Aplicación			2024	2023
334	489.01	ASOCIACION SEMENTEIRA CAMBRE	63.000,00 €	63.000,00 €
			126.000,00 €	

IMPORTE NECESARIO 126.000,00 €

5. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A FUNDACIÓN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Pendente:

- 2020 (2020/A007/000003): Pendente reintegro parte do importe concedido
- 2021 (2022/A004/000001):
- 2024 Pendente revisión convenio: 12.000,00 €

Aplicación			2024	2021
334	489.02	FUNDACIÓN W. FERNÁNDEZ FLÓREZ	12.000,00 €	12.000,00 €
			24.000,00 €	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

IMPORTE NECESARIO 24.000,00 €

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN PROMOCIÓN DO FÚTBOL COA ASOC. DE CLUBS DE FÚTBOL

Pendente:

- 2022 (2022/A004/0000012): Pendente aprobación documentación xustificativa: 31.000,00 €
- 2023 Pendente revisión convenio: 31.000,00 €
- 2024 Pendente revisión convenio: 34.000,00 €

Aplicación			2024	2023	2022
341	489.05	CLUBES DE FUTBOL CAMBRE	34.000,00 €	31.000,00 €	31.000,00 €
			96.000,00 €		

IMPORTE NECESARIO 96.000,00 €

7. CONVENIO DE COLABORACIÓN PROMOCIÓN DO BALONCESTO CO CLUB BALONCESTO CAMBRE

Pendente:

- 2022 (2022/A004/000011): Pendente aprobación documentación xustificativa: 9.000,00 €
- 2023 Pendente revisión convenio: 9.000,00 €
- 2024 Pendente revisión convenio: 10.000,00 €

Aplicación			2024	2023	2022
341	489.04	CAMBRE BALONCESTO	10.000,00 €	9.000,00 €	9.000,00 €
			28.000,00 €		

IMPORTE NECESARIO 27.000,00 €

8. CONVENIO DE COLABORACIÓN PROMOCIÓN DO CICLISMO CO CLUB CICLISTA CAMBRE

Pendente:

- 2022 (2022/A004/000010): Pendente aprobación documentación xustificativa segunda achega: 4.000,00 €
- 2023 Pendente revisión convenio: 31.000,00 €
- 2024 Pendente revisión convenio: 34.000,00 €

Aplicación			2024	2023	2022
341	489.01	CLUB CICLISTA CAMBRE	34.000,00 €	31.000,00 €	4.000,00 €
			69.000,00 €		

IMPORTE NECESARIO 66.000,00 €

(.../...)

10. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A ANPA FENDETESTAS DO CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Pendente:

- 2022-2023 (2022/A004/000007): Pendente 1ª e 2ª achega: 30.120,00 €
- 2023-2024 Pendente sinatura convenio: 32.120,00 €

Aplicación			2024	2023
326	489.02	Convenio ANPA CEIP WENCESLAO FERNANDEZ FLÓREZ	32.120,00 €	30.120,00 €
			62.240,00 €	

IMPORTE NECESARIO 62.240,00 €



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

11. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A ANPA A CURUXA DO CEIP PORTOFARO

Pendente:

- 2022-2023 (2022/A004/000005): Pendente única achega: 16.776,00 €
- 2023-2024 Pendente sinatura convenio: 20.020,00 €

Aplicación			2024	2023
326	489.03	Convenio ANPA CEIP PORTOFARO	20.020,00 €	16.776,00 €
			36.796,00 €	

IMPORTE NECESARIO 36.796,00 €

12. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A ANPA BREXO-LEMA DO CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ

Pendente:

- 2022-2023 (2022/A004/000006): Pendente única achega: 18.211,91 €
- 2023-2024 Pendente sinatura convenio: 19.759,00 €

Aplicación			2024	2023
326	489.04	Convenio ANPA CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ	19.759,00 €	18.211,91 €
			37.970,91 €	

IMPORTE NECESARIO 37.970,00 €

13. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A ANPA GONZALO TORRENTE BALLESTER - SIGRÁS

Pendente:

- 2022-2023 (2022/A004/000009): Pendente única achega: 22.013,44 €
- 2023-2024 Pendente sinatura convenio: 22.580,60 €

Aplicación			2024	2023
326	489.05	Convenio ANPA CEIP G. TORRENTE BALLESTER (SIGRAS)	22.589,60 €	22.013,44 €
			44.603,04 €	

IMPORTE NECESARIO 44.594,04 €

14. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A ANPA MENCER DO CEIP GRAXAL II

Pendente:

- 2022-2023 (2022/A004/000008): Pendente 2ª e 3ª achega: 6.976,00 €
- 2023-2024 Pendente sinatura convenio: 20.342,00 €

Aplicación			2024	2023
326	489.06	Convenio ANPA CEIP O GRAXAL	20.342,00 €	6.976,00 €
			27.318,00 €	

IMPORTE NECESARIO 27.318,00 € (.../...)"



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Tendo en conta que os créditos precisos para a cobertura dos gastos correspondentes á anualidade 2024 así como o seu carácter nominativo xa constan no proxecto de orzamento xeral ao exercicio 2024 ditaminado na comisión informativa do 23.05.2024.

Vista a moción de alcaldía asinada o 27.05.2024 (CVD: X/WaQKaRYxCZLCCw0VUt) pola que se propón ao Pleno da corporación a aprobación do expediente de suplemento de crédito número 1/2024 por importe de 2.369.386,45 euros e de crédito extraordinario número 1/2024 por importe de 715.479,62 euros cuxa finalidade, entre outras, é suplementar as aplicacións orzamentarias correspondente a subvencións e convenios pendentes de pago de anos anteriores a 2024.

Visto que a interventora no seu informe referencia LMR CE01_SC01 / 2024 asinado o 27.05.2024 (CVD: ioD+ytrhFrm3qgjDd+HB) detalla que:

“(…/…) **Advirto por escrito** que, tendo en conta que a habilitación legal para a concesión directa destas axudas está amparada no orzamento anual e que a súa vixencia esgótase unha vez remata o exercicio orzamentario para o que foron aprobadas, o Pleno deberá aprobar o mantemento do carácter nominativo para o cal deberase modificar a base de execución do orzamento **BASE CUADRAXÉSIMO SEXTA: SUBVENCIONES NOMINATIVAS** para engadir as subvencións nominativas que, estando reflicitadas nos informes técnicos citados nos antecedentes do presente informe, se inclúen na memoria de alcaldía de 27.05.2024 (CVD: RqfvnrLfA80zKksHpzSm) (…/…)”

Polo anterior, por providencia do 27.05.2024 (CVD: RxegbnAOBoXJuogVwe45) dispuxen o inicio do expediente de modificación da base de execución cuadraxésimo sexta das de execución do orzamento 2023 prorrogado (CVD: dSzh39QyYI+yorx3RUHu) reguladora das subvencións nominativas e, no caso de que se aprobe definitivamente o orzamento do exercicio 2024, considerar que a modificación realízase á base de execución cuadraxésimo sexta das do citado orzamento (CVD: O/7nrxYKWXBk1EIr/a48).

A interventora emitiu informe referencia LMR MODIFICACION BASE NOMINATIVAS/2024 o 27.05.2024 (CVD:T+UAezlMQq8c1UunAhm+) coas seguintes conclusións:

“(…/…) **IV) CONCLUSIONES.**

A existencia de crédito queda condicionada á aprobación definitiva da modificación de crédito o expediente de suplemento de crédito número 1/2024 por importe de 2.369.386,45 euros e de crédito extraordinario número 1/2024 por importe de 715.479,62 euros (expediente tedec número 2024/G006/000102)

Reiterase que estase a vulnerar o principio de anualidade regulado no artigo 176 do TRLFL (…/…)”

É polo que proponho ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a modificación da base de execución cuadraxésimo sexta reguladora das subvencións nominativas (CVD: dSzh39QyYI+yorx3RUHu) coa finalidade de engadir un apartado BIS.- nos seguintes termos:

“BIS.- Subvencións respecto das cales, con carácter excepcional e estrictamente para o exercicio 2024, acorda mantense o seu carácter nominativo.

APLICACION	SUBVENCIÓN NOMINATIVA	IMPORTE 2021	IMPORTE 2022	IMPORTE 2023
------------	-----------------------	--------------	--------------	--------------



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

231 47900	Fondo Galego de Cooperacion e Solidaridade	-	-	17.000,00 €
231 48004	ADRA-TEMPLE	-	5.000,00 €	5.000,00 €
231 48903	Convenio CRUZ VERMELLA	-	-	4.000,00 €
326 48902	Convenio ANPA CEIP WENCESLAO FERNANDEZ FLÓREZ	-	-	30.120,00 €
326 48903	Convenio ANPA CEIP PORTOFARO	-	-	16.776,00 €
326 48904	Convenio ANPA CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ	-	-	18.211,91 €
326 48905	Convenio ANPA CEIP G. TORRENTE BALLESTER (SIGRAS)	-	-	22.013,44 €
326 48906	Convenio ANPA CEIP O GRAXAL	-	-	6.976,00 €
334 48901	ASOCIACION SEMENTEIRA CAMBRE	-	-	63.000,00 €
334 48902	FUNDACIÓN W. FERNÁNDEZ FLÓREZ	12.000,00 €	-	-
341 48901	CLUB CICLISTA CAMBRE	-	4.000,00 €	31.000,00 €
341 48904	CAMBRE BALONCESTO	-	9.000,00 €	9.000,00 €
341 48905	CLUBES DE FUTBOL CAMBRE	-	31.000,00 €	31.000,00 €

“.

No caso de que se aprobo definitivamente o orzamento do exercicio 2024, a modificación entenderase realizada á base de execución cuadraxésimo sexta do citado orzamento (CVD: O/7nxrYKWXBk1EIr/a48).

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non haxa reclamacións contra o expediente, considerárase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior. De seguido, procederase á publicación do acordo definitivo, tal e como o esixe o artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais e artigos 34, 40, 41, 20 e 22 do R.d. 500/1990, do 20 de abril.

Cuarto: No caso de que as persoas interesadas presenten reclamacións, resolveraa o Pleno Corporativo cos informes oportunos previos. Unha vez que o Pleno as resolva, procederase como se indicou no parágrafo anterior.

Quinto: Condicionar a aprobación definitiva do presente acordo, aos efectos de garantir a existencia de crédito axeitado e suficiente, á aprobación definitiva do expediente de suplemento de crédito número 1/2024 por importe de 2.369.386,45 euros e de crédito extraordinario número 1/2024 por importe de 715.479,62 euros.»

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta a moción de Alcaldía de data 28 de maio de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaioito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/a Sres./a: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a a moción de Alcaldía de data 28 de maio de 2024 (CVD: 07lva0jnblijGKCYdj7Jx), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 02:15:59 horas

- Declaración institucional a prol da proposición de lei ELA

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da declaración institucional asinada polos voceiros de todos os grupos municipais e pola concelleira non adscrita, relativa ao asunto epigrafiado, que é aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. secretaria, quen dá lectura á moción que transcrita di:

«DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONCELLO DE CAMBRE

O pasado 12 de marzo, o Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade de todas as forzas políticas representadas no arco parlamentario estatal, admitir a trámite a proposición da Lei ELA. Dita aprobación supón que os lexítimos representantes da soberanía nacional da que emanan os poderes do noso Estado, tal e como recolle o artigo 1.2 da Constitución Española (en adiante CE), asumen como propia a necesidade de que os afectados por esta cruel doenza, os seus familiares e coidadores, sexan amparados, en igualdade de trato co resto de enfermos de calquera patoloxía, coa cobertura sociosanitaria que precisan para poder vivir coa dignidade que merecemos nun Estado que, xa na súa norma fundamental, recolle a obriga dos poderes públicos de garantir un sistema de atención ás persoas con discapacidade (art. 49 da CE);ou na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, cando regula as condicións básicas de promoción de dita autonomía e atención mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), coa colaboración e participación de todas as Administracións Públicas; ou na Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública que, dentro dos seus principios xerais, especifica que as administracións públicas, estarán suxeitas ao principio de equidade, de tal xeito que as políticas, plans e programas que teñan impacto na saúde da poboación promoverán a diminución das desigualdades sociais en saúde, prestando atención específica ás necesidades das persoas con discapacidade.

O 12 de marzo foi, sen ningunha dúbida, un día para o recoñecemento e gratitude polo traballo realizado dende hai tanto tempo polas asociación de afectados e entidades colaboradoras que, coñecedoras de primeira man da dura realidade desta enfermidade, non teñen deixado de loitar arreo para garantir algo tan básico como a vida, dereito sen o cal, o noso estado social, o noso estado de dereito e o noso estado do benestar vense abaixo sen remedio. Como galegos, é un orgullo para todos nós que a asociación AGAELA (Asociación Galega de Afectados pola Esclerose Lateral Amiotrófica, declarada de utilidade pública pola Xunta de Galicia no ano 2023), fora unha das que encabezou esta loita e que estivese



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

representada na xornada de presentación da proposta de lei, levada a cabo no Congreso dos Deputados este pasado 20 de febreiro.

O 12 de marzo tamén foi un día para a renovación da esperanza dos afectados directa ou indirectamente por unha patoloxía neurodexenerativa, sen cura e sen tratamento hospitalario, que fai recaer toda a carga do coidado do enfermo na súa rede persoal de apoio (familia, amigos, coidadores) sen esquecer que a nosa actual configuración social e demográfica, fai que moitos deles carezan incluso dese recurso básico imprescindible para a súa vida.

Dende esa data, dúas proposicións máis foron aprobadas de xeito unánime polo Congreso dos Deputados. Aínda que ditas aprobacións reflicten en si mesmas a concienciación da clase política coa situación dos afectados pola ELA, non poden supoñer unha loita entre as distintas forzas que presentaron cadansúa proposta. Ao contrario, dita concienciación debe implicar que se traballe coordinando esforzos e recollendo de cada proposta o máis axeitado para a defensa dos máis que entendibles intereses do colectivo ao que se dirixirá a norma final.

Desgraciadamente, un enfermo de ELA non só precisa dunha estrutura forte e comprometida de apoio humano, que ten que deixar todo atrás para a atención 24 horas que precisa o afectado, senón que a carga económica que implica a dependencia enerxética, a tipoloxía e duración dos coidados necesarios, os produtos de apoio básicos para a vida diaria, a reforma e adaptación dos fogares para facer fronte a unha realidade tan inesperada como devastadora e inevitable, fan imposible afrontar os custos mínimos non xa para manter unha vida de calidade, senón, simple e desgraciadamente, a vida mesma.

Precisamente por todo o exposto ata o de agora, a xusta reivindicación social non pode volver ser anulada por trámites burocráticos, por deixamento legislativo ou por establecemento doutras prioridades. Todos os mortos dende a paralización e posterior decaemento da anterior proposición de lei, presentada en novembro de 2021 e aprobada tamén por unanimidade en marzo de 2022, interpélanos de xeito directo. As administracións deben dar resposta de xeito inmediato aos que xa non están con nós e a todos os que día a día incrementan a cruenta lista de novos diagnosticados, persoas que non teñen nin color, nin ideoloxía política.

O sistema legislativo español é claro respecto ás competencias sanitarias, e as diversas leis que identifican ditas competencias e as atribúen ben ó Estado Español, ben ás Comunidades Autónomas, non deixan dúbida da importancia que ese eido competencial ten no día a día da nosa veciñanza.

É certo que a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, non recoñece competencias sanitarias aos concellos, como este de [concello] que me honro en presidir, pero esta corporación entende que os municipios, como as entidades públicas máis achegadas á realidade cotiá da súa poboación, non podemos, non debemos, e non queremos darlle as costas a aqueles que máis precisan do noso compromiso público para superar o seu día a día.

Con esta visión como punto de referencia, este Concello quere empregar a súa voz oficial, que sempre debería ser a súa voz máis humana, para facer chegar unha petición alta e clara ás Cortes Xerais españolas: recae en vostedes un mandato que debe ser entendido coma un privilexio e ser exercido coa eficacia e eficiencia que debe rexer o funcionamento xeral das administracións públicas. O seu privilexio, outorgado por todos os cidadáns españois, é legislar para salvar vidas. Non existe norma, sexa do contido que sexa, que poida ser considerada prioritaria fronte a aquelas que, como esta proposición de lei, buscan unicamente evitar a morte innecesaria e inxusta dos enfermos, o esgotamento dos recursos propios e familiares na súa atención, e a desesperación dos afectados que se senten culpables dos estragos que a súa doenza causa naqueles que están a dar a vida por eles día tras día. Existe algunha causa máis nobre que encabezar a loita contra esta inxustiza? Existe algunha consideración legal, procedemental ou administrativa que non só non apoie esta causa, senón que a sustente e a impulse como condición básica para que o exercicio da política cobre o seu máis verdadeiro, puro e inestimable significado?

Por todo isto elévanse ao Pleno, para o seu debate e aprobación, os seguintes ACORDOS:

1. O Concello instará por escrito nos próximos 30 días ao poder legislativo estatal para que proceda a tramitación de xeito preferente, urxente e prioritario dunha proposición de lei que recolla as mellores achegas de cada unha das normas aprobadas unanimemente e non esqueza que a garantía dos coidados 24/7 deben constituir a base fundamental da futura lei.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2. O Concello instará por escrito nos próximos 30 días á Deputación Provincial da Coruña e á Xunta de Galicia para que, dentro do ámbito das súas competencias sociosanitarias, teñan en conta as necesidades do colectivo de doentes e familiares, á hora de deseñar, implementar e aplicar políticas que poidan incidir na mellora da calidade de vida dos afectados.
4. O Concello comprométese a continuar prestando apoio público á reivindicación legal contida nesta moción, ata o momento en que a norma sexa publicada e entre en vigor.
5. O Concello comprométese, como forma de colaboración directa desta administración local cos afectados pola ELA, a poñer a súa disposición o asesoramento técnico dos Servizos Sociais municipais á hora de tramitar todas aquelas axudas e/ou prestacións establecidas para a mellora da calidade de vida dos enfermos e as súas familias, sexan de ámbito municipal, autonómico, estatal ou europeo.
6. O Concello comprométese, dentro das posibilidades técnicas, orzamentarias e loxísticas municipais, a colaborar coa asociación AGAELA, naquelas accións que esta asociación leve a cabo para dar visibilidade e concienciar sobre a realidade desta patoloxía.

O [concello], mediante a aprobación desta moción, invita a todos os municipios galegos a que se unan a esta necesaria reivindicación e amosen publicamente o seu apoio ao colectivo de afectados pola ELA. Os enfermos, as súas familias, as súas asociacións e entidades colaboradoras teñen feito un exercicio exemplar de dignidade, de superación e de valoración da vida: é a hora de que os poderes públicos nos poñamos á súa altura.»

Non producíndose intervencións, somete a votación ordinaria a declaración institucional, que é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a declaración institucional a prol da proposición de lei ELA, anteriormente transcrita.

3.2. MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 02:24:35 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 02:24:43 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 02:24:48 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 167 resolucións numeradas da 509 á 675 do ano 2024 que se



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
509/2024	22-04-2024	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de abril de 2024
510/2024	22-04-2024	Prorrogar ata o 30 de abril de 2025 o contrato do servizo de catering para os participantes de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares formalizado coa empresa Jardanay S.L.
511/2024	22-04-2024	Aprobar as facturas por importe total de 70.109,48 euros
512/2024	22-04-2024	Rendibilizar excedentes temporais de tesourería por importe de 8.000.000 euros, mediante a súa colocación a prazo fixo por un período de 1 ano, solicitando a tal fin a presentación de ofertas ás entidades financeiras con sede na praza
513/2024	22-04-2024	Determinar os emprazamentos dispoñibles para a colocación gratuíta de carteis e a colocación gratuíta de pancartas e bandeirolas nas vías e puntos de iluminación con motivo das eleccións ao Parlamento Europeo o vindeiro 9 de xuño
514/2024	23-04-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: EMP
515/2024	23-04-2024	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: PAVV
516/2024	23-04-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: RMG
517/2024	23-04-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: LBC
518/2024	23-04-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 9/4/2024 xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: RCCT
519/2024	23-04-2024	Iniciar expediente de orde de execución a UFD DE, SA para a limpeza da vexetación existente na infraestrutura eléctrica sita na marxe da estrada autonómica (AC – 221) en Cecebre, por canto que esta situación xera unha situación de inseguridade e dificulta e/ou impide a realización de tarefas de conservación e mantemento da iluminación pública municipal
520/2024	23-04-2024	Arquivar o expediente incoado a a MMB pola construción dun peche na parcela sita en Cambre sen título habilitante, ao terse regularizado os actos denunciados a través do expediente de comunicación previa de obras
521/2024	23-04-2024	Arquivar o expediente incoado a ECR e LRF pola construción dunha soleira de formigón na fronte da construción principal sita en Cambre e un peche con postes e malla metálica, sen título habilitante, ao terse regularizado os actos denunciados a través do expediente de comunicación previa de obras
522/2024	23-04-2024	Comparecer no procedemento abreviado PA 33/2024 L, interposto por IPA, na representación procesual de C. SA, contra o Concello de Cambre sobre



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		contratación e convenios, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á asesoría xurídica da excma. Deputación provincial
523/2024	23-04-2024	Iniciar procedemento sancionador a NF, S.L., para determinar a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da realización dunha talla na parcela sita en Anceis, sen ter depositado o correspondente aval e carecendo de título habilitante municipal e producindo danos no camiño público
524/2024	24-04-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante. JMSL
525/2024	24-04-2024	Determinar os lugares públicos e os locais oficiais que se reservan para a realización gratuíta de actos de campaña electoral con motivo das eleccións ao Parlamento Europeo o vindeiro 9 de xuño
526/2024	24-04-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 5 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: RBMB
527/2024	25-04-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
528/2024	25-04-2024	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2023 número 2/2024 por importe de 896.678,00 euros
529/2024	25-04-2024	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do programa das escolas de actividade física e saúde ano 2023 correspondente ao mes de decembro 2023 que comprende 246 recibos e 134 cotas cero por un importe total de 1.205,36 €
530/2024	25-04-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 22 m ² de vía pública cun andamio na rúa Travesía da Coutelana, 4, parroquia de O Temple, dende o 17 de abril ata o 31 de maio de 2024, con motivo das obras de illamento térmico exterior nas fachadas e colocación dun falso teito nas vivendas da última planta do edificio, obras que contan co pertinente título habilitante. Solicitante: R, SL.
531/2024	25-04-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: LI
532/2024	25-04-2024	Declarar a MBN responsable da comisión dunha infracción leve, tipificada no artigo 28.1 k) en relación co 17.2 da Ordenanza de protección contra a contaminación acústica do Concello de Cambre, consistente no uso de aparellos de reprodución sonora a un volume elevado e falar nun ton de voz excesivamente elevado, en horario de descanso nocturno, perturbando o descanso da veciñanza, no edificio sito en, Sigrás, impoñéndolle como consecuencia unha sanción de 300 euros, de acordo co artigo 29.1 a) da citada norma
533/2024	25-04-2024	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 4/2024 por importe de 3.737,35 euros
534/2024	25-04-2024	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de MdelCMA e aos herdeiros de CAPQ para a rectificación das deficiencias existentes na parcela en Sigrás
535/2024	25-04-2024	Conceder a licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar sita en Sigrás. Solicitante: AdelaFF



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

536/2024	26-04-2024	Solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión pola vía de urxencia do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado limpeza viaria pública prestado pola empresa Emprego Social, S.L.
537/2024	26-04-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30 de abril de 2024
538/2024	26-04-2024	Nomear como persoal eventual a RLV para o desempeño do posto de traballo de asesora de Alcaldía, cos dereitos e deberes inherentes a este cargo, de conformidade cos artigos 104 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e 201 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
539/2024	26-04-2024	Nomear como persoal eventual a FJVS para o desempeño do posto de traballo de secretario de Obras e Servizos, cos dereitos e deberes inherentes a este cargo, de conformidade cos artigos 104 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e 201 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
540/2024	26-04-2024	Aprobar, con efectos 1 de marzo de 2024, a relación de 6 altas e 8 baixas para participar no programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024 no mes de marzo
541/2024	26-04-2024	Nomear como persoal eventual a MVG para o desempeño do posto de traballo de asesora de Patrimonio cunha xornada do 50%, cos dereitos e deberes inherentes a este cargo, de conformidade cos artigos 104 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e 201 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
542/2024	26-04-2024	Modificar a composición da Mesa de Contratación do expediente 2023/C005/000015 e nomear presidente da mesa ao concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, don Daniel Mallo Castro, manténdose o resto dos nomeamentos nos mesmos termos
543/2024	29-04-2024	Aprobar, con efectos do 1 de abril de 2024, a relación de 5 altas e 1 baixa para participar no programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024 no mes de abril
544/2024	29-04-2024	Contratar ao abeiro da Orde do 11 de maio de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2023/2024, a MNR como persoal laboral docente para impartir o curso "Operacións de fontanería e calefacción-climatización doméstica", código IMAI0108 familia profesional Instalacións e Mantemento (número do curso 2023/005154), mediante un contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral con data límite prevista de inicio o 2 de maio de 2024 e cunha duración de 480 horas lectivas
545/2024	29-04-2024	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas aos herdeiros de MMR cunha periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras do día 4 de xullo de 2022, pola que se ordenou que a retirada dos materiais residuais existentes na parcela sita en Cecebre
546/2024	29-04-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 48 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á edificación sita no polígono industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre. Solicitante: UFD, DE, S.A.
547/2024	29-04-2024	Aprobar a nómina do mes de abril do 2024 e produtividade correspondente ao primeiro trimestre de 2024 cun importe total de retribucións brutas 384.071,35 euros
548/2024	29-04-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 69 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión co fin de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		mellorar a calidade da subministración de enerxía eléctrica na parroquia de Brexo. Solicitante: UFD DE, S.A.
549/2024	30-04-2024	Designar responsable do contrato do "Servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre" ao enxeñeiro técnico de obras públicas municipal interino, ASS
550/2024	29-04-2024	Declarar a desistencia de ATE, SLU da comunicación previa presentada para as obras de instalación de nova infraestrutura de estación base de telecomunicacións na parroquia de Anceis
551/2024	30-04-2024	Conceder a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a quen pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MJPR
552/2024	30-04-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a quen pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MVR
553/2024	30-04-2024	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes marzo de 2024, así como tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos e o seu pagamento por un importe total de 95.628,20 €
554/2024	30-04-2024	Modificar a composición da Mesa de Contratación do expediente 2023/C003/000013 e nomear presidente da mesa ao concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, don Daniel Mallo Castro, manténdose o resto dos nomeamentos nos mesmos termos
555/2024	30-04-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7, concretamente para un recibo de alugueiro solicitada o 15/09/2023, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: EdoS
556/2024	30-04-2024	Devolver a garantía constituída pola empresa adxudicataria "Old Navy Port Producciones, S.L." para o Lote 1 "Servizo de espectáculos de música en directo de cinco grupos artísticos" da contratación artística e produción do XXXI Festival Rock in Cambre 2023, polo importe de 2.842,00 euros
557/2024	30-04-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
558/2024	02-05-2024	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: JFCM
559/2024	02-05-2024	Solicitar á Consellería de Política Social e Xuventude a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, sendo o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral do anexo V, de 933.621,40 €
560/2024	02-05-2024	Devolver a garantía constituída pola empresa adxudicataria "Animación y Eventos S.L." para os Lotes 1 (Servizo de animación da Cabalgata Infantil de Reis Magos) e 2 (Alugueiro de carrozas decoradas, tronos e elementos complementarios) do contrato mixto de subministración e servizos da Cabalgata Infantil de Reis Magos do ano 2024, polo importe de 2.767,50 euros, (722,50 euros correspóndense coa garantía do Lote 1 e 2.045 euros coa garantía do Lote 2).
561/2024	02-05-2024	Declarar a emerxencia sanitaria no concello de Cambre, en relación coa falta de limpeza e hixiene nos centros dependentes do Concello de Cambre, especialmente centro de saúde, colexios, galiña azul así como aqueles outros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		nos que se desenvolvan actividades con participación cidadá. Iniciar expediente para a contratación de emerxencia polo tempo estritamente necesario para garantir o servizo mentres non se adxudique o novo contrato de limpeza de instalación municipais e solicitar oferta económica do servizo a Tragsa e CLN
562/2024	02-05-2024	Arquivar o expediente incoado a CAPB, JGT e EMPB pola existencia dun acopio de terras na parcela sita en Pravio, sen título habilitante ao terse regularizado os actos denunciados, xa que como queda acreditado no expediente o acopio de terras, obxecto de denuncia, foi retirado
563/2024	02-05-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 7 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita en Sigrás. Solicitante: UFD, DE
564/2024	02-05-2024	Arquivar o expediente M ^o delCPD e JCLP pola existencia dunha autocaravana, dúas construcións e depósitos diversos na parcela sita, no Temple, xa que como queda acreditado no expediente o interesado procedeu a restaurar a legalidade urbanística
565/2024	02-05-2024	Suspender a actividade de taller mecánico que está a realizar EJSP en Cambre carecendo de título habilitante municipal
566/2024	02-05-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras realizadas por FPP e MdelCAD consistentes na construción dun muro de contención, un portal, un peche e un peche vexetal, na finca sita en Bribes, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
567/2024	03-05-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 7 de maio de 2024
568/2024	03-05-2024	Devolver a garantía constituída pola empresa adxudicataria "Old Navy Port Producciones, S.L." para o lote 1 "Servizo de espectáculos de música en directo de cinco grupos artísticos" da contratación artística e produción do XXXI Festival Rock in Cambre 2023, polo importe de 2.842,00 euros
569/2024	03-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MdelCDV
570/2024	03-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 5 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: EJG
571/2024	03-05-2024	Rectificar o erro detectado no primeiro parágrafo da parte expositiva da Resolución 516/2024, do 23 de abril, respecto da solicitude de concesión de distintas axudas por motivos de emerxencia social de RMG
572/2024	03-05-2024	Deixar sen efecto a designación de OSM, enxeñeiro de camiños municipal, xefe da sección de servizos e designar responsable do contrato do "Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual de vías de titularidade municipal e leras no Concello de Cambre, 2023" a IFD, enxeñeiro técnico industrial interino, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada
573/2024	03-05-2024	Convocatoria sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 8 de maio de 2024
574/2024	03-05-2024	Iniciar expediente de orde de execución ao M de F para rectificar as deficiencias existentes na finca sita na travesía Igrexa, Temple, na zona de influencia de autoestrada AP-9, consistentes na existencia dun depósito de entullo, plásticos e



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		desperdicios, de acordo co disposto polos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
575/2024	06-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para un recibo de gas, solicitada con data 18/12/2023 por superar o límite máximo anual por unidade familiar para recibos de gas de 150 euros establecido no artigo 7 da Ordenanza. Solicitante: MEG
576/2024	06-05-2024	Continuar coa prestación do servizo consistente na conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación pública municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, que se ven prestando pola empresa Instalaciones Eléctricas Coruñesas S.L. (INSTELEC) nos mesmos termos establecidos no "Contrato administrativo do servizo consistente na conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación pública municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e nadal e outros, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e con multiplicidade de criterios de valoración, e con tramitación documental simplificada", formalizado o día 20.11.2018 polo Sr. alcalde e o representante da dita empresa, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo que se deriva do grave trastorno ao servizo público provocado pola declaración de nulidade
577/2024	06-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para un recibo de gas, solicitada con data 18/08/2023, por superar o límite máximo anual por unidade familiar para recibos de gas de 150 euros establecido no artigo 7 da Ordenanza. Solicitante: MEG
578/2024	06-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para unha axuda para tratamentos especializados, ortopedia, próteses e lentes correctoras, concretamente para lentes correctoras establecida no artigo 13, solicitada o 13/11/2023, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: DJL
579/2024	06-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para dous recibos de alugueiro, solicitada con data 22/06/2023, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: EYR
580/2024	06-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para dous recibos de alugueiro, solicitada con data 16/12/2023, por superar o límite máximo ao ano por unidade familiar de 600 euros para recibos de alugueiro establecido no artigo 7 da Ordenanza. Solicitante: MAVC
581/2024	06-05-2024	Aprobar o expediente de xeración de crédito complementario número 5/2024 por importe de 1.500,00 euros," dentro do proxecto "2024/2/332/1 Novidades editoriais en galego e mellora de coleccións bibliográficas 2024"
582/2024	06-05-2024	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: ASS
583/2024	06-05-2024	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: DLR



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

584/2024	07-05-2024	Delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local
585/2024	07-05-2024	Levantar o reparo formulado pola interventora municipal no informe de data 29 de abril de 2024. Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor número 2024/C002/000006 SERV. Adxudicar o contrato menor do «Servizo de docencia para impartir tres edicións do módulo transversal de “Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero” e de “Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e corresponsabilidade familiar e doméstica”, dentro da formación do Plan formativo para o Emprego (Plan AFD 2023/24)», á licitadora Rocío Leis Lestón no importe de 1.728,00 euros
586/2024	07-05-2024	Alta aplicación PMH-Accede M.M.M.
587/2024	06-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para un recibo de alugueiro, solicitada con data 12/01/2024, por existir avalista no contrato de alugueiro. Solicitante: DRVV
588/2024	07-05-2024	Deixar sen efecto a designación de MMC e VJCG como responsables do contrato de obra “Mellora funcional e da accesibilidade do parque Ramón Barba. Cambre. Fase 1 e 2”, e designar responsable do dito contrato a ASS, enxeñeiro técnico de obras públicas interino, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada
589/2024	06-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para un recibo de gas, solicitada con data 17/10/2023, por superar o límite máximo anual por unidade familiar para recibos de gas de 150 euros establecido no artigo 7 da Ordenanza. Solicitante: MEG
590/2024	07-05-2024	Conceder á funcionaria MdelMJS o anticipo de dúas mensualidades do seu haber líquido
591/2024	07-05-2024	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no informe de data 29 de abril. Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor 2024/C002/000005 SERV. Adxudicar o contrato menor do «Servizo de docencia para impartir dúas edicións do módulo transversal de “Nivel Básico de Prevención de Riscos Laborais”, dentro da formación do Plan formativo á licitadora Rocío Leis Lestón, no importe de 5.040,00 euros
592/2024	07-05-2024	Arquivar o expediente incoado a SAS polo exercicio da actividade de almacenaxe de madeira sen licenza municipal na finca sita en Brexo ao quedar acreditado no expediente que o obxecto da denuncia quedou regularizado coa presentación da comunicación previa
593/2024	07-05-2024	Iniciar expediente de orde de execución a ACF para corrixir a situación de risco para o tránsito peonil derivada da existencia dun sumidoiro de recollida de augas pluviais na fronte dun dos accesos ao interior da nave existente en Pravio, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
594/2024	07-05-2024	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar BCCV na nave sita no polígono industrial do Espírito Santo, consistentes na substitución de varias pranchas onduladas de uralita por outras translúcidas, carecendo do preceptivo título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
595/2024	07-05-2024	Conceder a a licenza municipal solicitada para a ocupación de 28 m ² de vía pública na rúa Pígara, parroquia do Temple, dende o 24 de abril ata o 24 de xuño de 2024, con motivo das obras de reparación e pintado da fachada, retirada das placas de fibrocemento existentes e colocación de panel sándwich na cuberta, e pintado do patio de luces do edificio sito na rúa Pígara, parroquia do Temple. Solicitante: MATA
596/2024	08-05-2024	Expedientes sancionadores de tráfico



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

597/2024	08-05-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
598/2024	08-05-2024	Suspender definitivamente a actividade de taller que se está a realizar no local sito en Sigrás, ao non ter presentado a documentación requirida para a súa regularización, e carecer polo tanto de título habilitante para o seu exercicio, de acordo co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
599/2024	08-05-2024	Delegación da presidencia efectiva da Comisión Informativa de Benestar Social, Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude, Educación e Cultura
600/2024	08-05-2024	Aprobación do pagamento ao Consorcio das Mariñas da taxa de lixo correspondente ao trimestre cuarto de 2023
601/2024	08-05-2024	Liquidación do orzamento de 2023
602/2024	08-05-2024	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 2003,35 euros
603/2024	08-05-2024	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas e gastos por importe de 2.218,46 euros con reparos da Intervención municipal
604/2024	08-05-2024	Convocatoria de sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 13 de maio de 2024
605/2024	09-05-2024	Adxudicar, mediante tramitación de emerxencia, o contrato do servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre á "Empresa de Transformación Agraria, S.A. (TRAGSA) no prezo/hora máximo de 30,89 euros (sen IVA) e prezo/hora mínimo de 27,00 euros (sen IVA) en función do grado de execución das partidas do presuposto achegado pola empresa
606/2024	09-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: LJA
607/2024	09-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: EMRF
608/2024	09-05-2024	Desestimar o recurso de reposición interposto por JNL contra a resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Servizos 14 de decembro de 2023
609/2024	09-05-2024	Designar aos tres axentes da policía local JFRR, MJLE e ASF para que colaboren na cobertura dos colexios electorais, durante toda a xornada electoral do día 9 de xuño de 2024
610/2024	09-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social solicitada o 07/12/2023 destinada ao pagamento dunhas lentes correctoras por importe de 139 euros, segundo o artigo 13 da ordenanza. Solicitante: NCS
611/2024	09-05-2024	Considerar desistida a ACG da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 26/10/2023 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
612/2024	09-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: YdeIVMC
613/2024	10-05-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14 de maio de 2024
614/2024	10-05-2024	Impoñer a MMC unha nova multa coercitiva polo importe de 2.000 €, polo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		incumprimento da orde de demolición ditada mediante resolución da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente de data 13 de marzo de 2013, confirmada mediante resolución da Alcaldía de data 10 de xuño de 2013
615/2024	10-05-2024	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar RLV e MACG en Pravio consistentes na reforma dunha vivenda, carecendo do preceptivo título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
616/2024	10-05-2024	Aprobar a lista provisional de admitidos/excluídos ao concurso para a cobertura das seguintes prazas en proceso de estabilización de emprego temporal: unha praza de axente de desenvolvemento local, unha praza de enxeñeiro técnico, unha praza de conserxe e dúas prazas de operario de servizos
617/2024	13-05-2024	Comparecer no procedemento abreviado PA 48/2024 interposta pola representación procesual de Groma Obras S.L., contra o Concello de Cambre perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da excma. Deputación Provincial
618/2024	13-05-2024	Adxudicar ao Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A a colocación de 8.000.000 euros a un 3,63% nominal de xuro, por un período de 1 ano, sen comisións nin gastos pola operación, nin penalización por dispoñibilidade anticipada, establecéndose que se o día do vencemento fose inhábil, tomarase como data de vencemento o seguinte día hábil
619/2024	13-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: PME
620/2024	13-05-2024	Desestimar o recurso de alzada interposto en data 29.11.23 por AAS fronte ao acordo do tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a selección dun enxeñeiro técnico industrial interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos industriais interinos
621/2024	13-05-2024	Levantar os reparos suspensivos emitidos pola intervención municipal, no informe de intervención de data 8 de maio de 2024. Aprobar as facturas por un importe total de 157.372,64 euros
622/2024	13-05-2024	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal, no informe de intervención de data 1 de abril de 2024. Aprobar as facturas por importe total de 3.320,63 euros
623/2024	13-05-2024	Asignar o número 1-B, á vivenda e parcela de referencia situada no lugar de Lamiño, entidade Bribes, CP 15659, Cambre (A Coruña), segundo plano de situación que consta no expediente
624/2024	14-05-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá para o xoves 23 de maio de 2024, ás 10.30 horas
625/2024	14-05-2024	Convalidar a presidencia do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, na sesión da Comisión de Avaliación á que se refire a letra G das Bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2022, celebrada o pasado día 09.05.2024, con efectos retroactivos dende a dita data
626/2024	15-05-2024	Iniciar expediente de orde de execución a JAGM para a poda das polas da árbore existente na finca sita en Brexo, que invaden a vía pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
627/2024	15-05-2024	Solicitar unha subvención ao abeiro do disposto na Resolución do 14 de decembro de 2023, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, publicada no DOG núm. 244, do 27 de decembro de 2023, por importe de 15.000€, para a



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		contratación dos servizos de asistencia técnica e/ou xurídica precisos para a definición das infraestruturas enerxéticas necesarias e a definición, elaboración dos estatutos que rexerán a operativa e xestión da comunidade enerxética a partir da súa constitución [artigo 2. Proxectos subvencionables, letra b) Planificación enerxética de comunidades enerxéticas constituídas ou en fase de constitución]
628/2024	14-05-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a JLCA pola realización de obras sen título habilitante nas fincas sitas en Brexo
629/2024	15-05-2024	Convocar sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá para mañá xoves 16 de maio de 2024, ás 11:00 horas
630/2024	14-05-2024	Aprobar as despesas que se corresponden coa entrega a conta ao Consorcio das Mariñas do 20% da total aportación orzamentaria do concello de Cambre para o 1º e 2º trimestre de 2024 por importe de 52.054,40 €
631/2024	15-05-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
632/2024	16-05-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de maio de 2024
633/2024	16-05-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 36 m ² de vía pública na rúa Tapia, parroquia de O Temple, dende o 13 de maio ata o 13 de xullo de 2024, con motivo das obras de instalación dun sistema de illamento térmico polo exterior da fachada e impermeabilización das terrazas do edificio sito nas rúas Otero Pedraio, e Tapia, obras que contan co pertinente título habilitante trala presentación da comunicación previa de obras. Solicitante: R, S.L
634/2024	16-05-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal do día 20 de maio de 2024
635/2024	20-05-2024	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de abril de 2024 por importe de 57.749,69 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 57.749,69 euros"
636/2024	20-05-2024	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 23 de maio de 2024
637/2024	21-05-2024	Comparecer no procedemento ordinario número 0000106/204, recurso interposto por MJPS contra a desestimación presunta por silencio da licenza para ampliación de farmacia, vivenda e aparcadoiro e contra a resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos núm. 206/2024 do 23/02/2024 pola que se suspende o procedemento de outorgamento da licenza solicitada, ante o Xulgado Contencioso Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación ao letrado/a que corresponda do servizo de Asistencia Xurídica da Deputación da Coruña
638/2024	21-05-2024	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local. Modificar o prezo do contrato do servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre adxudicado á "Empresa de Transformación Agraria, S.A." (TRAGSA) por resolución da alcaldía núm. 605/2024, do 9 de maio, quedando o mesmo fixado no prezo/hora máximo de 36,10 euros (sen IVA) e no prezo/hora mínimo de 27,00 euros (sen IVE) en función do grado de execución das partidas do presuposto aportado pola empresa, cun máximo de 760.929,24 euros (21% IVE incluído), 628.867,14 (IVE excluído)
639/2024	22-05-2024	Ordenar a MFL que roce a maleza existente na finca sita en Cecebre, así como a poda das polas secas dos dous piñeiros sitos na dita finca, concedéndolle a tal efecto un prazo de 15 días a contar a partir do seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles
640/2024	22-05-2024	Iniciar expediente de orde de execución a MGM e os herdeiros de EMC para a roza e poda da vexetación existente na parcela sita en Sigrás, que está a invadir a vía pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
641/2024	22-05-2024	Iniciar expediente de orde de execución a RH, S.L. para a roza da vexetación existente na parcela sita en Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
642/2024	22-05-2024	Ordenar aos herdeiros de JDP que retiren o entullo caído sobre o camiño público municipal provenientes do cerramento existente na parcela sita na parroquia de Ancéis. Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de JDP, co fin de que reparen o cerramento existente na parcela indicada, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
643/2024	22-05-2024	Denegar a solicitude realizada para a instalación dunha terraza a situar sobre unha plataforma de madeira fronte ao local situado no Paseo Marítimo, parroquia do Temple, por canto que a dita plataforma non conta co preceptivo título habilitante, de acordo co disposto polo artigo 10 j) da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente da instalación da citada plataforma. Solicitante: CR, S.L.
644/2024	22-05-2024	Conceder a ampliación do prazo outorgado para a presentación da documentación requirida no expediente mediante oficio de data 26 de abril de 2024 outorgando 7 días hábiles adicionais aos inicialmente concedidos. Solicitante: Vdos SdosS
645/2024	22-05-2024	Incoar expediente a JCG para a imposición de multas coercitivas, con periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 24 de xaneiro de 2020, confirmada por resolución do alcalde do día 22 de xuño de 2020, pola que se ordenou a demolición das edificacións sitas en Cecebre, ao non ser as obras realizadas nas mesmas legalizables polos motivos expostos no expediente de reposición da legalidade urbanística
646/2024	22-05-2024	Considerar desistida a EB da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 6/3/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
647/2024	22-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: RMdaRV
648/2024	22-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: NBPS
649/2024	22-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JSACH
650/2024	22-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: NBB
651/2024	22-05-2024	Considerar desistida a TTP da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 21/3/2024, por non achegar a documentación completa requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
652/2024	22-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 26/03/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: MChDdeF
653/2024	22-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 7/05/2024 xa que segundo o disposto no artigo 2.1 da ordenanza reguladora, non reúne o requisito de empadramento para poder ser beneficiaria. Solicitante: SVLF
654/2024	22-05-2024	Requirir a JFP e aos herdeiros de JCP que reparen o muro existente na parcela sita en Santa María de Vigo, mediante a presentación da pertinente comunicación previa
655/2024	22-05-2024	Declarar a caducidade do expediente ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo sen que se tivera notificado ao interesado resolución expresa. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras realizadas por RABG e VCD na finca situada en Brexo, consistentes na construción dunha canceira e obras no peche lindeiro co camiño publico carecendo do preceptivo título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
656/2024	22-05-2024	Considerar desistida a MRC da solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar solicitada con data 04/03/2022 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
657/2024	22-05-2024	Declarar a EFR, S.L., responsable dunha infracción de carácter moi grave, consistente na realización dunha talla na parcela sita en Santa María de Vigo, sen ter presentado o preceptivo aval e dunha infracción de carácter grave, consistente na realización da dita talla, sen ter presentado a preceptiva comunicación previa de talla. Como consecuencia do anterior, impoñer ao infractor as seguintes sancións: - 1.500 euros, pola infracción moi grave; - 500 euros, pola infracción grave
658/2024	22-05-2024	Delegar no concelleiro don David López Saborido a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de CGA e MMPP
659/2024	22-05-2024	Aprobar, con efectos do 1 de maio de 2024, a relación de 3 altas e 6 baixas para participar no Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024
660/2024	22-05-2024	Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar a situar na parroquia de Bribes. Solicitante: VGC
661/2024	22-05-2024	Conceder a licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar sita na parroquia de Bribes. Solicitante: AMR
662/2024	22-05-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
663/2024	22-05-2024	Conceder a renovación da licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: MEQC



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

664/2024	22-05-2024	Avocar a delegación xenérica da área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá a prol do segundo tenente de alcaldesa, don Daniel Mallo Castro
665/2024	22-05-2024	Comparecer no procedemento abreviado 222/2023, recurso contencioso-administrativo contra a desestimación do recurso de reposición interposto por MdelMCV contra a resolución da concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de xuño do 2023 pola que se lle cesaba como funcionaria interina, perante o Xulgado Contencioso-administrativo número 4 da Coruña exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación a calquera letrado adscrito á Asesoría Xurídica da excma. Deputación provincial da Coruña
666/2024	22-05-2024	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así como o seu pagamento de 132.775,88 euros a prol de Augas de Galicia, correspondente á autoliquidación do canon da auga do primeiro cuadrimestre do 2024
667/2024	23-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JE
668/2024	23-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: AKPG
669/2024	23-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: SBP
670/2024	23-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 01/04/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: OPGF
671/2024	23-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o data 22/04/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: AGMM
672/2024	23-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 8/04/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: MEBC
673/2024	24-05-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 28 de maio de 2024
674/2024	24-05-2024	Declarar a A.R.M., responsable da comisión dunha infracción continuada ao disposto nos artigos 37 a) e 3 da Ordenanza municipal reguladora da posesión de animais domésticos e de animais salvaxes en catividade, da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos e do seu rexistro, consistente en deixar a uns cans no exterior da vivenda, sita na rúa Estanque, O Temple, que ladran de forma continuada, ocasionando molestias aos veciños, producíndose estas conductas entre as 22:00 e as 08:00 horas, impoñéndolle como consecuencia a sanción de multa de 150 euros. Requirit ao infractor, para que proceda ao pago da citada cantidade,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

675/2024	24-05-2024	<p>Aceptar as renuncias presentadas pola "Asociación de Padres de Personas con Parálisis cerebral de A Coruña" (ASPACE) e pola entidade Casa de Hermanas Hospitalarias Centro PAI MENNI, ás axudas de 1.500 e 4.500 euros respectivamente, concedidas por resolución núm.1519/2023, do 20 de setembro, do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación, para a contratación laboral temporal do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "PROXEDIS Cambre" 2022/2023 (<i>Profesionais en Xeriatría e Discapacidade</i>).</p> <p>Aprobar a documentación xustificativa presentada pola "Asociación Pro Personas con Discapacidade Intelectual de Galicia" (ASPRONAGA), beneficiaria da axuda de 1.500,00 euros e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, así como o seu pago mediante transferencia bancaria, con cargo á aplicación orzamentaria 241.48000 "subvencións correntes a institucións sen fin de lucro para fomento do emprego".</p>
----------	------------	---

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 14 de maio de 2024

- Proposta relativa ao cambio de designación de responsable do contrato correspondente á actuación denominada "Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez" (exped. nº 2022/C003/000020) a favor de don Alberto Serrano Souto, enxeñeiro técnico de obras públicas municipal interino; designación de dona Ana M^a Romero Martínez, de "3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega" como encargada do servizo de control de calidade da obra; e designación de don Francisco Jesús Cobas Fernández, de "Gallega de Coordinaciones, S.L." como coordinador de seguridade e saúde
- Proposta relativa á modificación da composición da Mesa de Contratación do expediente 2023/C004/000015 correspondente á contratación do "Servizo de colaboración no desenvolvemento de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre organizados polo Concello de Cambre"

4.3. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 561/2024, DO 2 DE MAIO, DE DECLARACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA NO CONCELLO DE CAMBRE

Acceso á videoacta – 02:24:58 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación da Resolución da Alcaldía núm. 561/2024, do 2 de maio, que transcrita di:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que con data 22.03.2024 a empresa Jardincelas S.L que presta o servizo de limpeza de instalacións municipais comunica a finalización do expediente de Regulación Temporal de Emrpego a partir do 25.03.2024.

Visto os requerimentos feitos á empresa para que presten os servizos en condicións normais que non chegaron a facerse efectivos porque o servizo segue sen prestarse con normalidade.

Visto o documento subscrito pola secretaria xeral o día 21.03.2024 (CVD: I0J6uxA82Aef8B7cevjr) que transcrito di:

“De : Secretaría
Para: sr. Alcalde en funcións

En contestación á súa Providencia de data 19 de marzo de 2024 participolle o seguinte:

Con carácter previo ao que se dirá, déixase constancia do escaso tempo hábil concedido na dita providencia a esta Secretaría para o exame do asunto e redacción da presente : a providencia da alcaldía en funcións notificase á que subscibe a través de notifica.gal ás 13:55.58 horas do día 19 de marzo de 2024, e nela se sinala que se solicita que as solucións estudadas se comuniquen á alcaldía no prazo máximo de 24 horas(a que subscibe estivo ausente por permiso por asuntos particulares o día de onte) , polo que se incumpre o prazo para a emisión de informes que outorga a lexislación vixente e se infrinxe disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro(que fixa un prazo de 10 días hábiles ou a metade no caso de que se acredite a urxencia á que se refire o artigo 33.1 do mesmo texto legal) que neste caso vése reducido a unhas horas(cómpre subliñar que o escrito do xerente da área sanitaria da Coruña e Cee ao que se refire a Providencia ten data, segundo se indica na mesma, do 22 de febreiro de 2024, e o da xefa territorial da consellería de sanidade, do 13 de marzo 2024 polo que o que se solicita puido terse solicitado con anterioridade de xeito que se poidera dispoñer dun maior prazo). Este feito(o exíguo prazo concedido) fai imposible facer un estudo e análise axeitado do asunto, polo que o presente non pode ter carácter de informe, senón que se trata de notas nas que a subscibe haberá de expresarse de xeito moi sintético, co risco que a síntese entraña . Polo exposto, o que a seguir se exporá o é coas limitacións , reservas, cautelas e condicionamentos que se derivan deste feito, polo que poderá ser ulteriormente ampliado, matizado e/ou, incluso, revisado.

Sentado o anterior, a Providencia citada di textualmente o seguinte:

“PROVIDENCIA de Alcaldía

Visto que a empresa que presta o servizo de limpeza nas instalacións municipais se atopa en ERTE temporal o que supón unha redución das horas de limpeza que se están a ofrecer

Visto que esa situación de ERTE ven motivada pola débeda que o concello de Cambre acumula coa empresa prestataria de dito servizo

Visto que nos departamentos municipais constan queixas por escrito do mal estado que presentanos colexios, escola infantil e centro de saúde debido a falta de limpeza e hixiene

Visto que consta escrito, en relación coa situación da limpeza no centro de saúde, do xerente da área sanitaria da Coruña e Cee de data 22.02.2024:

“Como ben sabe o actual Centro de Saúde de Cambre é de dependencia patrimonial municipal, e polo tanto compételle a ese Concello a sustentabilidade do inmovible, o mantemento e en particular todo o que incumbe á xestión do servizo de limpeza, en base ao disposto no protocolo de colaboración asinado polo Servizo Galego de Saúde e o Concello de Cambre.

Con tal motivo, achégase para a súa xestión e actuacións oportunas, apercibimento do Servizo de Control de Riscos Ambientais da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña, de 20 de febreiro de 2024, polo que insta a garantir unas adecuadas condicións hixiénico-sanitarias no Centro de Saúde de Cambre de cara ao desenvolvemento da actividade asistencial neste Centro de Saúde, xa que de non ser así poderíase provocar un grave dano á saúde, máxime cando estamos a falar dun Centro Sanitario”

Visto que consta escrito da Xefa Territorial da Consellería de Sanidade de data 13.03.2024 que sinala:

“Asunto: denuncia sobre as condicións hixiénico-sanitarias dos centros educativos do Concello de Cambre



Nesta data recíbese correo electrónico que anexa o escrito que se adxunta, de data 8 de marzo, asinado -segundo declaran- polos directores e directoras dos CEIP dese Concello, polo que denuncian a falta de hixiene destes centros e apelan a declarar a emerxencia sanitaria meses centros.

Visto o exposto, se lle require que á maior brevidade, dada a urxencia, revise as condicións hixiénico-sanitarias dos centros educativos públicos do Concello, prestando especial atención ás zonas de comedor e aseos, especialmente sanitarios e zonas de ducha; e, de ser o caso, solvente de forma inmediata os problemas de hixiene detectados, informando a esta Xefatura Territorial da situación hixiénica detectada en cada centro educativo e as medidas adoptadas ou a executar con carácter de urxencia”

Solicito:

1. Que pola Secretaria Municipal e pola Interventora Municipal, se estuden as solución posibles para garantir a limpeza e salubridade nos colexios tanto en canto non se adxudique o expediente de contratación que está sendo informado por contratación, escola infantil e centro de saúde do concello e se lle comuniquen a esta alcaldía no prazo máximo de 24horas

En Cambre na data da sinatura electrónica

O alcalde en funcións

Juan González Leirós”

Exponse na dita Providencia que a situación de ERTE temporal na que -segundo indica- se atopa a empresa que presta o servizo de limpeza nas instalacións municipais ven motivada pola débeda que o Concello de Cambre acumula coa empresa prestataria do servizo.

Sobre este extremo, indicar que a débeda citada ten a súa orixe na ausencia de contrato vixente entre o Concello e a empresa que ven prestando o servizo de limpeza en precario dende hai máis de once (11) anos , consecuencia do cal pola intervención municipal emitíronse informes de omisión de fiscalización nos que concluíu a procedencia de tramitar un expediente de revisión de oficio ao considerar nula de pleno dereito a contratación, expediente que se iniciou por Resolución da alcaldía de data 5 de febreiro de 2024 e actualmente se atopa en tramitación.

Por esta Secretaría, a partires da toma de posesión como Secretaria xeral deste Concello veuse poñendo de manifesto reiteradamente a inexistencia de contratación de, entre outros, o servizo de limpeza de edificios municipais, que a contratación (verbal) realizada contravén a normativa de aplicación, que constitúe unha transcendente irregularidade xurídica ao suponer a omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido e constituír unha causa de nulidade de pleno dereito. Tamén veuse informando reiteradamente pola que subscribe da necesidade de proceder a contratación de , entre outras, esta prestación. Así, a título meramente exemplificativo, poden citarse, entre outras, o informado nas seguintes notas informativas de Secretaría emitidas en relación a expedientes relativos a aprobación de facturas entre as que se atopaban facturas de Jardincelas, S.L. e Xalo Obras e Servizos, S.L. polo concepto de limpeza de diversos edificios municipais nos que figuran informes de reparo formulados pola intervención municipal:

- Nota informativa de secretaria 12/2022, de data 29 de xullo de 2022 (CVD: nckh27o0I6xBCJeywROj)
- Nota informativa de secretaria 18/2022, de data 9 de setembro de 2022 (CVD: Vir/XcatmOBkD1w7A4MO)
- Nota informativa de secretaria 39/2022, de data 7 de novembro de 2022 (CVD: douGypGN8yefKe19zMxL)
- Nota informativa de secretaria 56/2022, de data 16 de decembro de 2022(CVD: xFUgyVLanXXH9+wmsyAz)
- Nota informativa de secretaria 59/2022, de data 19 de decembro de 2022 (CVD: AU1kqFalkeDZqMfBlbFH)
- Nota informativa de secretaria 6/2023, de data 26 de xaneiro de 2023 (CVD: dAoTscCUqy3b4yJTWitJ)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Nota informativa de secretaría 8/2023, de data 6 de febreiro de 2023 (CVD: iJaHMEq+goeCBN7dMEPe)
- Nota informativa de secretaría 9/2023, de data 14 de febreiro de 2023(CVD: yOHw7+soOiaMQeEvbMzS)
 - Nota informativa de Secretaría 14/2023, de data 10 de marzo de 2023 (CVD: /6H5mv58EjaDo4ZdvA8F)
- Nota Informativa de secretaría 35/2023, de 5 de maio de 2023 (CVD: JFWX5SPJSq2pfUaPfn/6)

Como exemplo do seu contido (todas elas teñen un contido similar), transcríbese a seguir o sinalado na primeira das citadas (do 29 de xullo de 2022):

"(...../.....)No expediente examinado consta informe de intervención de fiscalización JUA NUM 16/2022-REPARO 97-R (CVD:YWc8/Q7U5Abb+WSPr8uK) de diversas facturas que nel se relacionan polos conceptos e contías que se indican.

No dito informe do Sr. Interventor se fiscaliza de disconformidade sen efectos suspensivos, en relación coas facturas que indica nas que se fan as observacións que nel constan . Sinálase en dito informe, no punto 1 do apartado "Observaciones" que "Se emite informe desfavorable motivado en la ausencia de procedimiento de contratación. Se insta por tanto el inicio del procedimiento administrativo de adjudicación de los siguientes contratos , en caso de que no se encuentre iniciado....", no apartado 2 que " Se emite informe desfavorable motivado en la ausencia de procedimiento de contratación, al no haberse tramitado la contratación de las prestaciones que se detallan a continuación, conforme a lo dispuesto en la LCSP, y teniendo en cuenta que la Disposición adicional novena. Normas especiales para la contratación del acceso a base de datos y la suscripción a publicaciones, permite la tramitación de la contratación a través de contrato menor. ", no apartado 3 que " Se emite informe desfavorable motivado en que la prestación se ha realizado sin que existiese contrato en vigor. A fecha de prestación, el servicio había sido adjudicado en session ordinaria de Pleno de fecha 28.04.2022, a la empresa Al Alba ESE Granada Almería, S.L., en el precio ofertado (para los 2 años de contrato principal) de 2.280.328,00 euros sin IVA (2.399.472,56 euros IVA incluído), a contra desde la fecha de formalización del contrato, pudiendo prorrogarse anualmente por años sucesivos, en las mismas condiciones, hasta dos años más. El contrato con la empresa Al Alba ESE Granada Almería, S.L. consta formalizado con fecha 13.06.2022.....", e no apartado 4 que "Se emite informe desfavorable "motivado en la ausencia de procedimiento de contratación adecuado. Al no haberse tramitado, la contratación de las prestaciones de servicios, realización de obras o suministros que se detallan a continuación, conforme a lo dispuesto en la LCSP...."

Esta Secretaría comparte o criterio desfavorable da Intervención municipal e informa que os respectivos contratos referidos ás prestacións verbo das que o sr. Interventor motiva os seus reparos na ausencia de procedemento de contratación, debéronse adxudicar (sempre que estivera debidamente xustificada a necesidade e idoneidade da contratación, así como o prezo) a través dos procedementos e formas de adxudicación establecidos na lexislación vixente ,resultando ademáis, que o artigo 37 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público(LCSP), prohíbe a contratación verbal, ao establecer que "Las entidades del sector público no podrán contratar verbalmente, salvo que el contrato tenga, conforme a lo señalado en el artículo 120.1, carácter de emergencia".

O artigo 99.2 da LCSP dispón que non poderá fraccionarse o obxecto dun contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos aos procedementos de adxudicación que corresponda. Polo tanto infórmase verbo dos casos nos que non consta expediente de contratación. que a contratación (verbal) realizada contravén a normativa de aplicación, xa que as contratacións verbais están

prohibidas expresamente pola lexislación vixente, o que constitúe unha transcendente infracción xurídica, ao supoñer unha omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido, e que constitúe unha causa de nulidade de pleno dereito, polo , de acordo co artigo 28 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril (transcrito no informe do sr. Interventor), corresponde á intervención municipal apreciar a posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento .

E polo que respecta aos contratos adxudicados, infórmase que non pode comenzar a realizarse ningunha prestación sen ter formalizado o correspondente contrato.

En todo caso infórmase da necesidade de proceder á contratación das diversas prestacións regulares que requira o Concello(considerando a excepcionalidade da contratación menor, os límites cuantitativos destes- (40.000 euros para contratos de obras e 15.000 euros cando se trate de contratos de suministro o de servicios-, a prohibición de fraccionamento dos contratos, a duración máxima dun ano dos contratos menores e a prohibición da súa prórroga, así como a improcedencia de acudir a esta modalidade para satisfacer necesidades previsibles e recorrentes), e sempre que se atope debidamente xustificada polo servizo correspondente a necesidade da contratación e o importe aproximado das prestacións, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrència, igualdade e transparencia, e a través dos procedementos regulados na citada Lei, debendo en todos os casos constar no expediente debidamente xustificada a necesidade e idoneidade da contratación (artigo 28 LCSP e 73 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas) así como a xustificación do prezo do mesmo.

A Comisión consultiva de contratación administrativa da Xunta de Andalucía no seu informe 9/2009, de 15 de xuño sinala que:"(../...)Los órganos de contratación han de ser conscientes de la indisponibilidad de las normas rectoras de la contratación pública; regla jurídicamente vinculada a la satisfacción del interés general y que opera como garantíaEXIS de los principios básicos de publicidad, libre concurrencia y transparencia. Además, los métodos de contratación abierta y competitiva, en los que se aplican adecuadamente los descritos principios, permiten más concurrencia y la obtención de beneficios por ofertas más ventajosas, cuestión esta última que afecta a la eficiente utilización de los recursos públicos en un periodo como el actual, caracterizado por importantes restricciones presupuestarias.(../...)".(o subliñado e negrita é propio)

Outro exemplo, a nota informativa 15/2023, na que informouse o seguinte:

"(../...)No expediente examinado consta informe de intervención de fiscalización JUA NUM 52/2023-REPARO 15R (CVD: 0xHWbPZZGiKf8rFTqOgF) de diversas facturas que nel serelacionan polos conceptos e contías que se indican.

No dito informe do Sr. Interventor se fiscaliza de disconformidade con efectos suspensivos, en relación coas facturas que indica nas que se fan as observacións que nel constan, Sinálase en dito informe, no punto 1 do apartado "Observaciones" que: " 1.- Se emite informe desfavorable motivado en la ausencia de procedimiento de contratación. Se insta por tanto el inicio del procedimiento administrativo de adjudicación de los siguientes contratos, en caso de que no se encuentre iniciado.(../...) Se emite sin carácter suspensivo al tratarse de obligaciones de tracto sucesivo, a las que esta intervención ya emitió informe desfavorable con efectos suspensivos con fecha 18 y 29 de enero, y 4 de febrero de 2023, por el mismo objeto y mismo motivo, por lo que no se reitera el carácter suspensivo del reparo. Respecto a la factura emitida con número de registro F/2023/454, el importe mensual del

servicio se ha visto incrementado respecto al precio del contrato cuya prestación se mantiene en precario. Consta presentado por la empresa con registro de entrada 2202299900006084 y fecha 02.11.2022, escrito justificativo del incremento de precios según los costes actuales del servicio de limpieza viaria, que se ha calculado aplicando los precios unitarios de los medios utilizados, partiendo de la descripción de las labores realizadas que se recogen en los informes mensuales de servicio, lo que permite, según manifiestan, hacer un cálculo realista basado en los medios dedicados actualmente a la prestación del servicio. Realizan para ello un estudio anual de costes desglosado costes de personal (215.416,94€), costes directos de explotación (38.006,75€) y amortizaciones (3.006,25€) que incrementan con el porcentaje del 6% de Beneficio industrial y 13 % de Gastos Generales, así como el IVA aplicable del 10%

(.../...)

Esta intervención insiste en la necesidad de iniciar y/o tramitar sin demora los expedientes de contratación de los principales servicios que se prestan a este ayuntamiento, con el fin de evitar causar perjuicios no solo a las empresas prestadoras de los mismos sino también al propio ayuntamiento, que ante contratos caducados o nulos por el largo tiempo transcurrido desde la finalización de su periodo de duración, no se ve en la Posición de exigir el cumplimiento de unas prescripciones alejadas a todas luces de la realidad de la prestación del servicio.

En anteriores informes relativos a la aprobación de facturas emitidas por prestaciones propias del contrato de gestión del servicio del agua, ejecutándose actualmente en precario, se manifestó por esta Intervención la posibilidad de abonar la prestación en función de los gastos realizados en la ejecución de los trabajos, para evitar un enriquecimiento injusto de la Administración, en lugar de abonar un precio procedente de un contrato nulo o ineficaz en el mejor de los casos, cuyas prestaciones en su origen difieren ampliamente de las prestaciones actuales, por haber variado profundamente el objeto de los servicios prestados, por lo que debe ahondarse en esta posibilidad para los cual deberían realizarse un control efectivo del servicio y estudiarse los costes aparejados que alega la empresa, la cual habría de aportar facturas y justificantes de gasto que justifiquen el precio mensual facturado.

(.../...)

2.- Se emite informe desfavorable a facturas presentadas con el siguiente objeto de contratación, tras la ejecución de prestaciones de servicios, realización de obras o suministros, que se contratan de forma individualizada, al no haberse tramitado la contratación de las prestaciones que se detallan a continuación, conforme a lo dispuesto en la LCSP: suspensivo al tratarse de obligaciones, a las que esta intervención ya emitió informe desfavorable con efectos suspensivos el 29 de enero y 4 de febrero de 2023 por el mismo objeto y mismo motivo, por lo que no se reitera el carácter suspensivo reparo.

3.- Se emite informe desfavorable respecto a la siguiente factura”

Esta Secretaría á vista do sinalado no dito informe comparte o criterio desfavorable da intervención municipal e informa que os respectivos contratos referidos ás prestacións verbo das que o sr. Interventor motiva os seus reparos na ausencia de procedemento de contratación debéronse adjudicar (sempre que estiver adebidamente xustificada a necesidade e idoneidade da contratación, así como o prezo) a través dos procedementos e formas de adjudicación establecidos na lexislación vixente ,resultando ademáis, que o artigo 37 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público(LCSP), prohíbe a contratación verbal, ao establecer que “Las entidades del sector público no podrán contratar verbalmente, salvo que el contrato tenga, conforme a lo señalado en el artículo 120.1, carácter de emergencia.”

O artigo 99.2 da LCSP dispón que non poderá fraccionarse o obxecto dun contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos aos procedementos

de adjudicación que corresponda. Polo tanto infórmase que as contratacións (verbais) realizadas contraveñen a normativa de aplicación, xa que as contratacións verbais están prohibidas expresamente pola lexislación vixente, o que constitúe unha transcendente infracción xurídica, ao supoñer unha omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido, e que constitúe unha causa de nulidade de pleno dereito.

O Consello de Contas no informe de fiscalización dos recoñecementos extraxudiciais de crédito exercicio 2018 sinala, entre outras cousas, que : "... IV.2.1.3. Obrigas que nacen prescindindo total e absolutamente do procedemento establecido. O RXCI regula por primeira vez no ámbito local a omisión de fiscalización previa nos termos expostos no epígrafe IV.1.2 deste informe: as obrigas con omisión de fiscalización non se poden imputar ao orzamento ata que se resolva a omisión segundo o procedemento previsto no RD 424/2017, procedemento que culmina cun Acordo do Presidente da entidade, Xunta de Goberno Local ou do Pleno, no que se decide se continuar ou non co procedemento, previo informe do interventor no que se pronunciará sobre a posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento (apreciada en función de se se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron)".

E conforme dispón o artigo 28 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, corresponde á intervención municipal apreciar a posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento xurídico, polo que entende a que subscribe que debe pronunciarse a Intervención municipal verbo da posibilidade ou conveniencia da revisión de oficio dos actos aos que se refire no informe de reparo.

Cómpre sinalar que, en relación a este extremo (necesidade de revisión de oficio previo ao recoñecemento de obrigas nos supostos de inexistencia de procedemento de contratación), o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sala do Contencioso administrativo, na sentenza, de 19 de xullo de 2022 establece a necesidade de proceder a tal revisión de oficio para declarar a nulidade de pleno dereito como requisito previo ao recoñecemento da obriga, sinalando , entre outras cousas, que:

"(.../:...) En consecuencia, ante supostos coma o presente, de ausencia total de actividade administrativa contractual, debemos diferenciar dúas fases, unha primeira de declaración de nulidade de todo o actuado, e unha segunda de recoñecemento de obrigas da administración para evitar o seu enriquecemento inxusto, se hai lugar a elas. Dicimos isto dadas as circunstancias concorrentes no presente litixio, que foron declaradas como feitos probados no FX 3º (parágrafos 1 a 4) e que non foron impugnados na apelación, onde queda meridianamente claro que non houbo o máis mínimo rastro de contratación administrativa, coa omisión groseira e grave das máis elementais normas de dereito administrativo. Neste escenario, non discutida polas partes a inexistencia absoluta de procedemento de contratación en ningún dos supostos (nin sequera nos de descontaminación e no de iluminación) é evidente que concorre unha nulidade de pleno dereito prevista no art. 32 do TRLCSP (análoga á actualdo art. 39 LCSP no que agora interesa) e no art. 47.1.e. LPACAP.

Ante unha nulidade de pleno dereito, a propia administración tiña como mecanismo de reacción autónomo a revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito. Neste sentido, se ben o TRLCSP refire só os actos de preparación e adjudicación, isto faise para establecer determinadas especialidades, sen que impida acudir con carácter xeral ao art. 106.1. LPACAP. É por isto que cando en sede administrativa son consultados os órganos de asesoramento técnico do Concello, Secretaría e Intervención, incidan nesta opción, que é á que se agarra o apelante.

Só unha vez que se declara a nulidade de pleno dereito de todo o actuado, por inexistencia absoluta de procedemento de contratación, é cando hai que reparar as consecuencias que afecten negativamente a terceiros de

boa fe, e cuxo contexto normativo pode ser o REC. Pero iso debe corresponder a unha fase ulterior do camiño administrativo.

Esta actuación para emendar o mal feito en casos de ausencia de procedemento de contratación, como presuposto do aboamento das obras ou servizos é o que late na recente STS nº 722/2022, de 13 de xuño(ROJ: STS 2426/2022 - ECLI:ES:TS:2022:2426) en cuxo FX 3º dá conta da previa revisión de oficio ante ausencia absoluta de procedemento, a partir da cal se fixa unha indemnización polas obras efectivamente realizadas, excluíndose determinadas cantidades coma determinados tipos de xuro ao non se tratar dunha situación contractual.

No caso de autos, o Concello obviou non só o procedemento administrativo de contratación de forma groseira, senón o relativo á declaración de nulidade por el mesmo de oficio, que é a chave para a apertura do procedemento para o recoñecemento extraxudicial de créditos con orixe precisamente nunha actuación sen título ou con título nulo que non obstante é fonte de obrigas para a administración ao terse recibidos bens ou servizos en proveito da administración, sempre que se acrediten determinadas circunstancias.

Por esta razón debemos chegar á conclusión de que o Concello obviou un trámite previo que é preciso para activar o REC, polo que en ambos expedientes acumulados debe declararse a nulidade de pleno dereito de todo o actuado, abrangendo loxicamente todos os pagos feitos. Estamos ante un caso en que a administración local fuxe cara adiante, cunha nova ilegalidade consistente en recoñecer un crédito sen seguir un procedemento con todas as garantías de forma e de fondo, para tratar de tapar a ilegalidade anterior de encargo de servizos e obras á marxe da contratación administrativa.

Non pode haber recoñecemento de crédito a favor dun particular se non hai causa que o xustifique. E a causa neste caso non pode ser outra que a inexistencia de contratación administrativa válida, e tal feito tiña que ser declarado pola propia administración pola vía da revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito. Esta declaración era necesaria porque daba a medida de cal tiña que ser o ámbito precisamente do recoñecemento extraxudicial de crédito, que por outra parte tiña que facerse, nese momento si, como indica o xuíz de instancia no FX 5º, é dicir, no contexto xurisprudencial que impón a doutrina do enriquecemento inxusto en canto ao fondo, e coa tramitación dun expediente administrativo con todas as garantías en canto á forma. O xuíz anula os recoñecementos de crédito por ausencia todos estes elementos, e aí leva razón, só que previamente era necesario que o Concello declarase a nulidade de pleno dereito do actuado para, como se dixo, establecer o ámbito sobre o que se podía proxectar o REC.

(.../....)

Convalidar o mal feito esixe previamente recoñecer o que se fixo mal, e en termos xurídicos iso acádase mediante a revisión de oficio, que faltou nos dous expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, e por iso deben ser declarados nulos de pleno dereito, non xa por incorrecta articulación do REC como indica o xuíz de instancia senón por adoeecer incluso do paso previo, que é a declaración de nulidade de pleno dereito do previamente actuado por contravir groseiramente a normativa sobre contratación administrativa.(.../....)”

En todo caso infórmase da necesidade de proceder á contratación das diversas prestacións regulares que. requira o Concello(considerando a excepcionalidade da contratación menor, os límites cuantitativos destes 40.000 euros para contratos de obras e 15.000 euros cando se trate de contratos de suministro o de servizos-, a prohibición de fraccionamento dos contratos, a duración máxima dun ano dos contratos menores e a prohibición da súa prórroga, así como a improcedencia de acudir a esta modalidade para satisfacer necesidades previsibles e recorrentes), e sempre que se atope debidamente xustificada polo servizo correspondente a necesidade da contratación e o importe aproximado das prestacións, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrència, igualdade e transparencia, e a través dos procedementos regulados na citada Lei, debendo en todos os casos constar no

expediente debidamente xustificada a necesidade e idoneidade da contratación así como a xustificación do prezo do mesmo.

A Comisión consultiva de contratación administrativa da Xunta de Andalucía no seu informe 9/2009, de 15 de xuño sinala que:“(.../...)Los órganos de contratación han de ser conscientes de la indisponibilidad de las normas rectoras de la contratación pública;regla jurídicamente vinculada a la satisfacción del interés general y que operacomogarantía de los principios básicos de publicidad, libre concurrencia y transparencia. Además, los métodos de contratación abierta y competitiva, en los que se aplican adecuadamente los descritos principios, permiten más concurrencia y la obtención de beneficios por ofertas más ventajosas, cuestión esta última que afecta a la eficiente utilización de los recursos públicos en un periodo como el actual, caracterizado por importantes restricciones presupuestarias.(.../...)”.

Tamén a intervención municipal nos informes que figuran nos expedientes aos que se refiren as notas informativas citadas , formulou reparos en relación a facturas de, entre outras, Xalo obras e servizos S.L. e Jardincelas S.L. por servizos de limpeza, e nos que indicouse que se emitía informe desfavorable motivado na ausencia de contratación, e se instaba o inicio do procedemento administrativo de adxudicación do contrato, entre outros.

Así pódense citar :

- Informe de fiscalización JUA NUM 316/2022-Reparo 97 R, de 21 de xullo de 2022
- Informe de fiscalización JUA NUM 360/2022-REPARO 115 R de data 7 de setembro de 2022
- Informe de fiscalización JUA NUM 416/2022-REPARO 141R, de data 6 de novembro de 2022
- Informe de fiscalización JUAN NUM 489/2022- REPARO 175 R, de data 15 de decembro de 2022
- Informe de fiscalización JUAN NUM 325/2022-REPARO 101 R, de data 19 de decembro de 2022
- Informe de fiscalización JUA NUM 496/2022- REPARO 178 R, de data 17 de decembro de 2022
- Informe de fiscalización JUA NUM 46/2023-REPARO 12 R, de data 4 de febreiro de 2023
- Informe de fiscalización JUA NUM 6/2023-REPARO 3R , de data 18 de xaneiro de 2023
- Informe de fiscalización JUA NUM 161/2023-REPARO 42 R, de data 5 de maio de 2023
- Informe de fiscalización JUA NUM 52/2023-REPARO 15R, de data 8 de febreiro de 2023

Por exemplo, no informe de intervención de fiscalización JUA NUM 52/2023-REPARO 15R (CVD: 0xHWbPZZGiKf8rFTqOgF) sinalase, entre outras cousas, o seguinte:

“(.../...)Esta intervención insiste en la necesidad de iniciar y/o tramitar sin demora los expedientes de contratación de los principales servicios que se prestan a este ayuntamiento, con el fin de evitar causar perjuicios no solo a las empresas prestadoras de los mismos sino también al propio ayuntamiento, que ante contratos caducados o nulos por el largo tiempo transcurrido desde la finalización de su periodo de duración, no se ve en la Posición de exigir el cumplimiento de unas prescripciones alejadas a todas luces de la realidad de la prestación del servicio.(.../.....)”

A interventora municipal en data 29 de setembro de 2023 emitiu informe referencia LMR-facturas OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN- TEDEC 2023/G003/001613 (entre as que se atopan as relativas a Jardincelas ,S.L. correspondentes a servizos de limpeza de edificios municipais) no que entre outras cousas, sinalou:

“(.../...) Segunda.e: Posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

As **infraccións do ordenamento xurídico detectadas** (artigos 28, 36, 37, 99, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP), **ademais da propia omisión do trámite preceptivo de función interventora** (artigos 213 e 214 do TRLFL e artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local), **califican os actos** (subministros e prestación de servizos que, dada a falta de tramitación do expediente administrativo correspondente, teñen a súa orixe nunha contratación verbal) **como nulos de pleno derecho** (artigo 47.1.e: Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes... Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido).

Nembargantes, **ante a falta dos oportunos informes aos que me refiro na consideración Segunda.c do presente informe neste intre non me podo pronunciar a cerca da posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento. Unha vez que tales informes sexan incorporados polo órgano xestor aos expedientes correspondentes, as miñas conclusións poderán ser as seguintes:**

I) **Concluirei que se está ante un acto nulo de pleno dereito con opinión favorable, por razóns de economía procesal, á continuación do procedemento: se existe constancia documental que acredite xustificadamente e sen que caiba dúbida algunha a efectiva realización da prestación, o seu carácter non recorrente, a valoración acorde a prezos de mercado e que o importe da factura é inferior a aquel que resultaría de acudir á vía da indemnización por danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto no seu favor ou de incumprir a obrigaición ao seu cargo**

II) **Concluirei que se está ante un acto nulo de pleno dereito con opinión favorable á revisión de oficio: se NON existe constancia documental que acredite justificadamente e sen que caiba dúbida algunha a efectiva realización da prestación, o seu carácter non recorrente, a valoración acorde a prezos de mercado e que o importe da factura é inferior a aquel que resultaría de acudir á vía da indemnización por danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto no seu favor ou de incumprir a obrigaición ao seu cargo.**

IV) CONCLUSIÓNS

Esta intervención deduce que, a maiores das infraccións do ordenamento xurídico postas de *manifesto no presente informe* (artigos 28, 36, 37, 99, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP), *incorreuse nun suposto de omisión da función interventora* (artigos 213 e 214 do TRLFL e artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local) polo que dacordo có artigo 28 do RD 424/2017, *non se poderá recoñecer a obrigaición, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente a actuación especificada ata que se coñeza e resólvese esta omisión.*

Devólvense os expedientes ao órgano xestor coa finalidade de que incorpore as valoracións e xustificacións ás que se refire o artigo 28.2.c do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local a efectos de que esta intervención poida constatar se as prestacións se levaron a cabo efectivamente e se o seu prezo axústase ao prezo de mercado.(.../....)”

E en data 29 de decembro de 2023 a interventora municipal emitiu informe referencia LMR- facturas JARDINCELAS S.L.OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN- TEDEC 2023/T003/003781 (CVD: (LdViffKr/7+/4sTuwYsa) no que, entre outras cousas, sinala:

“.... Os seguintes feitos **acreditan a existencia dun contrato verbal** entre o Concello de Cambre e JARDINCELAS, S.L.::

- **Existe consentimento das partes:** a pesar de que o período contractual rematou o 01.01.2023, a empresa XALO OBRAS E SERVICIOS, S.L.

continuou a prestar un servizo de tracto sucesivo enmarcado nas competencias municipais ata que no ano 2022 foi, de conformidade co informe do xefe de obras e servizos do Concello de Cambre, foi absorvida por JARDINCELAS, S.L. no ano 2022 a cal continuou prestando o citado servizo e polo cal emitiu facturas periódicas. O Concello de Cambre, a través do concelleiro/a delegado e/ou Alcalde, deu a conformidade ás facturas emitidas se ben é certamente desconcertante que carezan da sinatura do xefe de obras e servizos tendo en conta que de conformidade coa descrición identificativa que contempla a RPT en vigor para o posto de JEFE DE SECCIÓN DE SERVICIOS Código:

AL151700006 Tipo de puesto: S, correspóndelle:

“DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Dirigir la Unidad técnica de Servicios ejerciendo las funciones de Ingeniero Superior Municipal, dirigiendo y supervisando los trabajos del personal adscrito a dicha unidad. Responsable del mantenimiento de las infraestructuras urbanísticas de todo tipo y de servicios municipales. Informes técnicos sobre Proyectos de Urbanización. Elaboración de informes, proyectos y propuestas relacionadas con su sección. **Supervisión de los servicios prestados por empresas para el Ayuntamiento.**”

- **Existe un obxecto certo que é materia de contrato** e que se identifica coa prestación do servizo denominado LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS..

- **Causa da obriga que se estableza:** o Concello de Cambre recibiu un servizo de tracto sucesivo enmarcado nas competencias municipais e a empresa JARDINCELAS, S.L. veu percibindo unha remuneración pola prestación do citado servizo tal e como acreditan os pagos que, con respecto a períodos anteriores, constan na contabilidade municipal.

A **prestación recorrente do servizo** denominado LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS por parte da empresa JARDINCELAS, S.L.. **ao abeiro dun contrato verbal** provoca que se **incumpran** os artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP; os artigos 213 e 214 do TRLFL e os artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local. Prócedese a continuación a reproducir o literal dos citados artigos:

(.../...)

Terceira.e: Posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento (artigo 28.2.e do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local)

As **infraccións do ordenamento xurídico detectadas** (artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP), **ademais da propia omisión do trámite preceptivo de función interventora** (artigos 213 e 214 do TRLFL e artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local), **califican o acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo denominado LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS como nulo de pleno dereito** (artigo 47.1.e: Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes... Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido).

De conformidade có Fundamento de Dereito Primeiro da Sentenza de 19.07.2022 da sala do Contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Nº de Recurso: 7016/2022 e Nº de Resolución: 290/2022):

“FUNDAMENTOS DE DEREITO



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro. Idoneidade do REC sen revisión de oficio previa como procedemento de cumprimento de obrigacións derivadas dun posible enriquecemento inxusto da administración

(...)

En consecuencia , ante supostos coma o presente, de ausencia total de actividade administrativa contractual, debemos diferenciar dúas fases , unha primeira de declaración de nulidade de todo o actuado, e unha segunda de recoñecemento de obrigas da administración para evitar o seu enriquecemento inxusto, se hai lugar a elas

(...)

Ante unha nulidade de pleno dereito, a propia administración tiña como mecanismo de reacción autónomo a revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito. Neste sentido, se ben o TRLCSP refire só os actos de preparación e adxudicación, isto faise para establecer determinadas especialidades, sen que impida acudir con carácter xeral ao art. 106.1. LPACAP

(...)

Só unha vez que se declara a nulidade de pleno dereito de todo o actuado, por inexistencia absoluta de procedemento de contratación, é cando hai que reparar as consecuencias que afecten negativamente a terceiros de boa fe, e cuxo contexto normativo pode ser o REC. Pero iso debe corresponder a unha fase ulterior do camiño administrativo. Esta actuación para emendar o mal feito en casos de ausencia de procedemento de contratación, como presuposto do aboamento das obras ou servizos é o que late na recente STS nº 722/2022, de 13 de xuño(ROJ: STS 2426/2022 - ECLI:ES:TS:2022:2426) en cuxo FX 3º dá conta da previa revisión de oficio ante ausencia absoluta de procedemento, a partir da cal se fixa unha indemnización polas obras efectivamente realizadas, excluíndose determinadas cantidades coma determinados tipos de xuro ao non se tratar dunha situación contractual.

(...)

Por esta razón debemos chegar á conclusión de que o Concello obviou un trámite previo que é preciso para activar o REC, polo que en ambos expedientes acumulados debe declararse a nulidade de pleno dereito de todo o actuado, abrangendo loxicamente todos os pagos feitos (...)"

De conformidade có artigo 42.1 da LCSP:

"La declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato, que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido."

Para os efectos da determinación dos conceptos compensables resulta relevante a actitude e irregular.

Así o Consello do Estado no seu Ditame número 706/2021 establece que:

"... el importe de la compensación puede reducirse en atención a la conducta de la empresa contratista, en la medida en que esta pueda influir en la apreciación del nexo causal. En una ya consolidada doctrina, el Consejo de Estado, en supuestos de prestaciones contractuales realizadas al margen del contrato, por no estar en él previstas o por haber expirado la relación contractual, ha reparado en la circunstancia de que la empresa contratista pudiera no ser del todo ajena a la irregularidad que se ha producido, concluyendo que, en tal caso, no puede beneficiarse de ella como si de una aplicación ordinaria del contrato se tratase [...]."

Por este mesmo motivo, debería excluirse la procedencia de toda compensación si se acreditase que la prestación del servicio no se hizo 'a vista, ciencia y paciencia' de la Administración contratante, esto es, si esta no estaba al corriente de esa continuación en la prestación o manifestó expresamente su oposición a la misma".

A prestación dun servizo baixo un acto administrativo nulo de pleno dereito determina que debe ser valorado o enriquecemento da Administración, e o correlativo empobrecemento do empresario. Deste xeito, a restitución só debe incluír o valor da prestación efectuada; é dicir, os custos reais, pero non as demais compensacións típicas dun contrato validamente celebrado, ou, expresado doutra maneira, o empresario debe quedar indemne mais non pode obter un lucro equivalente ao dun contrato válido. Asemade, a execución por encargo verbal non pode amparar a esixencia de intereses de demora conforme á lexislación contractual (art. 198.4 LCSP) pois nin a Administración pode

abonar importe algún ata que non se aprobe o gasto, nin o expediente de convalidación é un expediente contractual ou un trámite do mesmo, e, en todo caso, a cantidade recoñecida nos expedientes de convalidación non é o prezo de contrato.

IV) CONCLUSIÓN

1.- Advirto por escrito que o xefe de obras e servizos do Concello de Cambre non se pronuncia claramente (afirmativa ou negativamente, sen ningún tipo de condicionante) en canto a se as prestacións foron ou non realizadas efectivamente e se os presos facturados respectan ou non o prezo de mercado polo que, se ben as facturas foron asinadas polo Alcalde e ou concelleiro/s delegado/a, éstes deberán ter en conta este feito aos efectos de valorar a continuidade do procedemento ben únicamente coa documentación que obra nos expedientes ou ben consideran necesario que sexa incorporada algunha xustificación documental adicional.

En todo caso e en cumprimento do artigo artículo 18.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local dispone que:

“ El órgano interventor conocerá el expediente con carácter previo al acuerdo de liquidación del gasto o reconocimiento de la obligación.

En este momento deberá quedar documentalmente acreditado que se cumplen todos los requisitos necesarios para el reconocimiento de la obligación, entre los que se encontrará, en su caso, la acreditación de la realización de la prestación o el derecho del acreedor de conformidad con los acuerdos que autorizaron y comprometieron el gasto así como el resultado favorable de la comprobación material de la inversión.”

2.- A contratación no sector público ten carácter formal por canto o artigo 37.1 da LCSP prohíbe a contratación verbal salvo que o contrato teña, conforme ao sinalado no artigo 120.1 do mesmo texto legal, carácter de emerxencia.

O acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS prestado pola empresa JARDINCELAS, S.L. é nulo de pleno dereito dado que foi ditado sen tramitar procedemento algún, sen expediente de contratación, sen licitar, sen formalizar contrato e sen cumprir tampouco nin unha soa das formalidades esixibles sequera aos contratos menores. (artigo 47.1.e Lei 39/2015, de 1 de outubro: Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes... Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido).

Só os actos anulables son convalidables (artigo 52 Lei 39/2015, de 1 de outubro), non así os actos nulos de pleno dereito nos que só cabe a revisión de oficio para declarar a súa nulidade radical.

Constátase pois a necesidade de proceder á iniciación dun procedemento administrativo de revisión de oficio regulado no artigo 106 da Lei 39/2015, por remisión do artigo 41 da LCSP: (.../...)”

En relación ao expediente de revisión de oficio iniciado, por esta Secretaría emitíuse en data 19 de febreiro de 2024 informe(CVD: aR3/teIGMrH0WmXeq6M) , no que se ratifica a que subscribe, e no que se conclúe que concorre causa de nulidade de pleno dereito establecida no artigo 47.1 e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Á vista do anteriormente exposto resulta que tanto por Secretaría como pola Intervención municipais veuse informando dende hai anos aos órganos xestores do Concello da situación irregular na que se atopaba (e atopa) a prestación do servizo así como da necesidade de proceder a súa contratación previa licitación a través dos procedementos previstos na normativa vixente, pois a empresa que presta o servizo dende hai máis de 11 anos (Jardincelas S.L.- antes Xalo Obras e Servizos,S.L.)non foi seleccionada previa a correspondente licitación, o que supón unha contradicción co principio de legalidade no ámbito da contratación pública, que esixe a tramitación dun procedemento coas debidas garantías que aseguren a participación dos posibles licitadores e o acerto da Administración Pública. O feito de manter a prestación sen licitar durante máis de 11 anos supón unha infracción moi grave do ordenamento xurídico, ao supoñer unha adxudicación directa prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, cunha flagrante erosión dos principios básicos que rexen a contratación pública de igualdade, libre concorrència, publicidade e transparencia.

O **Tribunal de Xustiza da Unión Europea** considera a **contratación prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido** como a **infracción máis grave do dereito comunitario** (Sentenza de 11 de xaneiro de 2005 (Stad Halle)).

Non obstante o informado por Secretaría e Intervención verbo da necesidade de contratar o servizo, en todos estes anos o contrato non se licitou. Recentemente, en data 29 de febreiro de 2024 remitiuse a contratación o prego de prescricións técnicas e a documentación técnica para proceder a tramitar o expediente de contratación do servizo, que actualmente se atopa en fase de redacción do prego de cláusulas administrativas particulares pola técnica de xestión de administración xeral.

O feito é que nos atopamos, polo tanto , cunha situación que infrinxe á legalidade vixente e que podería terse evitado licitando a contratación do servizo. Neste punto, cabe lembrar o criterio da Xunta Consultiva de contratación do Estado en relación a estas situacións, segundo o cal, a solución a este tipo de problemas (Informe do 10 de decembro de 2018, expediente 86/18) estriba nunha dilixencia reforzada dos órganos de contratación (Alcaldía ou Pleno de acordo coa distribución legal de competencias) e nun concepto ao que a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, outorga unha gran importancia no seu artigo 28.4 como é a programación e planificación adecuada da súa actividade contractual.

Preséntase agora unha situación á que o Concello debe darlle unha solución (pois , segundo os escritos do xerente da área sanitaria de A Coruña e da xefa territorial da consellería de Sanidade poden afectar á salubridade pública (unha das competencias do Concello segundo o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril), e para a que o ordenamento xurídico, habida conta dos antecedentes citados e dos incumprimentos legais aos que se fixo referencia (non licitarse o servizo durante máis de 11 anos) non ofrece unha solución inmediata axustada a dereito, pois esta pasa por licitar o servizo e adxudicalo a través dos procedementos previstos na normativa vixente, con pleno respecto aos repetidos principios de igualdade, libre concorrència, publicidade e transparencia.

E é que a situación puido evitarse polo órgano de contratación licitando o contrato.

Así, coas limitacións que se derivan do exíguo prazo concedido pola Alcaldía en funcións para o estudo do asunto, analizouse a posibilidade de aplicar o procedemento de emerxencia , que só pode ter lugar mediante os límites legais do artigo 120 da LCSP.

Para unha maior análise deste tipo de tramitación, tráese a colación a Resolución nº 102/2017 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, que analizou un suposto no que se formulaba a pertinencia dunha contratación efectuada por emerxencia, concluíndo sobre o mesmo o seguinte:

“(…/…) para que proceda la tramitación de emergencia es necesario:

- i. Que concurra alguno de los supuestos que taxativamente establece la ley, sin que sea suficiente cualquier otra circunstancia que de lugar a cualquier otra situación de urgencia.*
- ii. Que no sea suficiente para resolver la situación la utilización de otros procedimientos menos restrictivos de la libre concurrencia*
- iii. Que la emergencia sea apreciada por el órgano de contratación y*
- iv. Que la tramitación se limite a lo estrictamente indispensable en el ámbito objetivo y temporal para prevenir o remediar los daños derivados de esa situación.*

A los anteriores requisitos , este Tribunal ha de añadir uno más: **que la causa de la emergencia no sea imputable al propio órgano de contratación, es decir, que la situación de emergencia no hubiera podido ser evitada por el órgano de contratación mediante una actuación diligente.**” (o subliñado e negrita é propio)

E en canto ás consecuencias da ausencia de tales requisitos neses casos, prevén:” *Pues bien, entrando ya en lo que se refiere al fondo del asunto, una vez determinada la falta de concurrencia de los requisitos , se concluye sin mayor dificultad argumental la nulidad de pleno derecho del procedimiento, toda vez que no se ha cumplido ninguna de las exigencias establecidas legalmente en relación con el inicio, tramitación y resolución del procedimiento de contratación,”*

O procedemento de emerxencia é, pois un procedemento de carácter excepcional , e a falta de dilixencia na incoación e tramitación do oportuno expediente de contratación durante máis de 11 anos, non é, a xuízo da que subscribe, un suposto legalmente contemplado no artigo 120 da LCSP, pois a situación producida puido evitarse polo órgano de contratación licitando o contrato.

En canto á posibilidade do abono das facturas á empresa (posibilidade que se estudou por se esta puidera ser unha solución) tendo en conta que o expediente de revisión de oficio incoado para declarar, no seu caso, a nulidade da contratación verbal do servizo de limpeza de edificios municipais se atopa en trámite , esta Secretaría remítese ao informe emitido en data 1 de marzo de 2024 (CVD: 2hoSoFWZwsYX4ri3KRGq), cumprimentando o solicitado na Providencia da Alcaldía de data 29 de febreiro de 2024¹¹ no que informouse , entre outras cousas, que : “(…/…) **Terceiro.- En canto segundo extremo verbo do que se solicita informe, e toda vez que, como se indicou, por Resolución da Alcaldía de 22 de febreiro de 2024 iniciouse expediente de revisión de oficio considérase preciso(como tamén se puso de manifesto pola que subscribe no informe de data 15 de xaneiro de 2024 (CVD:**

¹ Na que, en relación aos expedientes de AUGASERVI,S.L. no apartado 2 solicitouse “*Que pola Interventora Municipal e pola Secretaria Municipal se informe sobre a posibilidade de incluir na proposta que terá que ir ao pleno do 4 de marzo, o pago da débeda contraída coa mercantil de xeito inmediato mediante Recoñecemento Extraxudicial de Crédito para garantir que a empresa poida continuar coa prestación do servizo ao que se lle está obrigando segundo o informe asinado pola técnica de xestión de administración xeral.*”

rNI4Gu+s++shkND1zsEO), que con carácter previo ao recoñecemento de obrigas, se tramite o correspondente expediente de revisión de oficio, pois como sinala, a Sentenzado Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo de data 19 de xullo de 2022 non pode haber recoñecemento de crédito a favor dun particular se non hai causa que o xustifique, e a causa nestes casos non pode ser outra que a inexistencia de contratación administrativa válida, e tal feito debe declararse pola propia administración pola vía da revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito.

No suposto examinado o expediente de revisión de oficio se atopa en trámite (actualmente en trámite de audiencia), polo que ata tanto non conclúa entende a que subscribe, seguindo o sinalado na sentenza citada, non procede neste momento procedemental o recoñecemento de obrigas(...../.....)”; informe este que non foi obstáculo (dado o carácter non vinculante dos informes da que subscribe) para que o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria urxente de data 4 de marzo de 2024 acordara cos votos a favor dos concelleiros/as integrantes dos grupos municipais de Unión por Cambre e PSdG-PSOE, aprobar , previo informe da intervención municipal, o recoñecemento, extraxudicial de crédito por importe de 288.627,94 euros relativo ás débedas acumuladas polo canon a aboar á empresa para que poidan cumprir por parte da empresa co punto segundo do acordo.

En todo caso á vista da situación descrita nos escritos do xerente da área sanitaria da Coruña e Cee e da xefa territorial da Consellería de sanidade(transcritos na Providencia da alcaldía en funcións), que require da adopción por parte dos órganos decisorios do Concello das medidas necesarias tendentes a garantir a salubridade dos ditos centros educativos e sanitario , tendo en conta que a situación, como se indicou, ten a súa orixe na falta de licitación do contrato do servizo e que puido evitarse , é competencia dos órganos decisorios do Concello a adopción baixo a súa exclusiva responsabilidade das medidas necesarias a tal fin.

É o que expoño coas limitacións, reservas, cautelas e condicionamentos que se derivan do escaso prazo con que contou a que subscribe para o estudo do asunto, polo que, como se indicou, o sinalado poderá ser posteriormente ampliado, matizado e/ou, incluso revisado”.

Vista a dilixencia subscriba pola interventora municipal o día 21.03.2024 (CVD: Gi7p+IXjGn01wBrvLRzH) que transcrita di:

“DILIXENCIA DE INTERVENCIÓN

Vista a providencia da alcaldía en funcións asinada o 19.03.2024 (CVD: kuPjsB5Khfk1QkzTR6UU) e con número de rexistro de saída 202400400000279 a cal é do seguinte tenor literal:

<< (.../...)Solicito: 1. Que pola Secretaria Municipal e pola Interventora Municipal, se estuden as solución posibles para garantir a limpeza e salubridade nos colexios tanto en canto non se adxudique o expediente de contratación que está sendo informado por contratación, escola infantil e centro de saúde do concello e se lle comuniquen a esta alcaldía no prazo máximo de 24 horas. (.../...) >>

Visto que a citada providencia remitiuse por notifica.gal e que o acuse de lectura por parte desta intervención é do 20/03/2024 ás 15:00:41.

emito a seguinte **DILIXENCIA**:

PRIMEIRO.- O prazo outorgado pola providencia de alcaldía de 19.03.2024 (CVD: kuPjsB5Khfk1QkzTR6UU) para a emisión do informe solicitado (prazo máximo de 24 horas) vulnera o artigo 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ao abeiro do cal o prazo para emitir informes é de 10 días hábiles ou a metade en caso de que se acredite a urxencia á que se refire o artigo 33.1 do mesmo texto legal. Polo tanto, a presente dilixencia emítese coas debidas cautelas polo que, de ser preciso, poderá ser ampliada ou incluso revisada.

SEGUNDO.- O artigo 21.1.f da LBRL atribue ao alcalde a competencia para o desenvolvemento da xestión económica dacordo có orzamento aprobado e o artigo 186 do TRLFL lle atribue a competencia sobre a ordenación de pagos.

Asemade, DA2ª.1 da LCSP asigna ao alcalde as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de servizos cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Pola contra, ao abeiro do artigo 214 do TRLFL o obxecto da función interventora é o seguinte:

- “1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.
2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:
 - a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
 - b) La intervención formal de la ordenación del pago.
 - c) La intervención material del pago.
 - d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

No mesmo senso pronúnciase o artigo 7 do Real Decreto 427/2017, de 28 de abril polo que se regula o Réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local ao establecer que:

“1. El ejercicio de la función interventora comprenderá las siguientes fases:

- a) La fiscalización previa de los actos que reconozcan derechos de contenido económico, autoricen o aprueben gastos, dispongan o comprometan gastos y acuerden movimientos de fondos y valores.
- b) La intervención del reconocimiento de las obligaciones e intervención de la comprobación material de la inversión.
- c) La intervención formal de la ordenación del pago.
- d) La intervención material del pago.

2. La función interventora se ejercerá en sus modalidades de intervención formal y material. La intervención formal consistirá en la verificación del cumplimiento de los requisitos legales necesarios para la adopción del acuerdo mediante el examen de todos los documentos que preceptivamente deban estar incorporados al expediente. En la intervención material se comprobará la real y efectiva aplicación de los fondos públicos.”

De conformidade cós artigos citados únicamente correspóndeme exercer unha función fiscalizadora dos actos de contido económico do Concello de Cambre.

TERCEIRO.- O anterior interventor informou de xeito reiterado con carácter desfavorable (reparo suspensivo) as facturas emitidas por JARDINCELAS, SL correspondentes ao SERVICIO DE LIMPIEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIONES Y CENTROS ESCOLARES ao tratarse de necesidades de carácter permanente e repetitivo (en varios exercicios) e respecto das cales non lle constaba procedemento administrativo de adxudicación. A partir de xuño de 2022 e unha vez incorporada a actual secretaria xeral, constan notas informativas de secretaría nas que comparte o citado criterio desfavorable e advirte da obriga de proceder á licitación de conformidade cós procedementos e formas de adxudicación establecidos na lexislación vixente.

Asemade, tanto no seu INFORME RESUMEN DE CONTROL EJERCICIO 2021 INFCON1 de 25.04.2022 (CVD: kUH03z5yVat+YghB02T4, expediente 2022/G006/000097, dación de conta pleno 28.04.2022) como no seu informe INFORME RESUMEN DE CONTROL EJERCICIO 2022 INFCON1 (CVD: d0kWi1sG7fK+2UahUQp8, expediente

2023/G003/000102, dación de conta pleno 27.04.2023) reitérase a necesidade de proceder á licitación dos expedientes de contratación finalizados hai anos, entre os que menciona expresamente debido á elevada contía do servizo, a prestación do servizo de limpeza de edificios e instalación municipais.

CUARTO.- Esta intervención tomou posesión como interventora neste concello o 09.06.2023 e, dende o mes de setembro de 2023 (informes incluídos, entre outros, nos expedientes tedec números 2023/T003/003606, 2023/G003/0001613, 2023/T003/003781, CVD: Gi7p+IXjGn01wBrvLRzH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. 2023/T003/004547, 2023/T003/004601, 2023/G006/000184, 2023/X998/000085), levo advertindo que o Concello de Cambre, a pesar de ser coñecedor da obrigatoriedade de proceder ás oportunas licitacións, obviou tales esixencias o que, se cabe, alcanza unha maior gravidade dado que os incumprimentos afectan a servizos municipais obrigatorios (art. 26 LBRL). Este xeito de actuar ao marxe da normativa aplicable é o causante da situación actual cós provedores de servizos e subministros así como do incumprimento do Período Medio de Pago do Concello de Cambre o cal, lexos de actuar procedendo a regularizar a situación, mantén a prestación de servizos en precario coa irregularidade manifesta que tal feito provoca.

Por outra banda, esta intervención xa advertiu de forma reiterada que o retraso do departamento de obras e servizos na elaboración dos informes solicitados para a tramitación das OFI correspondentes a JARDINCELAS, SL foi grave e reiterado excedendo sobradamente dos 10 días hábiles que outorga a normativa aplicable. Asemade, as facturas carecen da sinatura de técnico municipal e os informes do Ingeniero de Caminos Municipal Jefe de la Sección de Servicios non se pronuncian claramente (afirmativa ou negativamente, sen ningún tipo de condicionante) en canto a se as prestacións foron ou non realizadas efectivamente. Únicamente se lle pediu que informase se os servizos están ou non realizados, é dicir, só caben dous opcións: ou están realizados ou non o están. Esta falta de claridade unida ao feito de que as facturas carezcan da sinatura do técnico municipal o único que consegue é sembrar dúbidas a esta intervención a cerca da correcta realización dos traballos facturados.

A empresa AUGASERVI SL atópase na mesma situación administrativa que a empresa JARDINCELAS SL (tramitación de expediente de revisión de oficio da contratación verbal) e así o confirman os informes preceptivos emitidos pola secretaria xeral e por esta intervención. Nembargantes, obviando os informes desfavorables emitidos por ambas funcionarias, na sesión plenaria de 04.03.2024 cós votos a favor dos 11 concelleiros/as que conforman o equipo de goberno acordouse aprobar, previo informe da Intervención Municipal, o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito por importe de 288.627,94 euros relativo ás débedas acumuladas polo canon a aboar á empresa AUGASERVI SL correspondente ao T 2022 e 1 e 2 T 2023. Con esta actuación queda demostrado que o equipo de goberno é coñecedor do carácter preceptivo e non vinculante dos informes de secretaría e de intervención e que, cando o estima conveniente, toma as decisións que considera pertinentes.

QUINTO.- A situación actual é a consecuencia directa dunha falta de planificación e de ausencia de toma de decisións por parte do órgano que, ao abeiro da LCSP e da LBRL, ostenta as competencias en materia de contratación e de desenvolvemento da xestión económica dacordo có orzamento aprobado. De feito, sendo perfectamente coñecedor dende hai anos da situación do servizo, da facturación emitida e das medidas que debían adoptar para regularizar a situación, parece non haber actuado con toda a dilixencia que houbera sido desexable para evitar as consecuencias que están a padecer os veciños de Cambre.

E para que conste e surta os efectos oportunos expido e asino dixitalmente a presente dilixencia en Cambre na data que figura na marxe”.

Tendo en conta a situación de falta de limpeza e hixiene no centro de saúde, colexios, escola infantil e dependencias municipais, e en base ás queixas que chegan ao concello de forma continua, con data 30 de abril, emítense providencia de alcaldía solicitando ao técnico industrial un informe xustificativo acerca da urxencia na execución das actuacións necesarias para subsanar as condicións de hixiene e salubridade dos centros dependentes do Concello de Cambre.

Visto o informe do enxeñeiro técnico industrial interino do día 02.05.2024 (CVD: DpA2rOHOxTTYlNFjR2uY) que transcrito di:

“Asunto: Informe técnico sobre las condiciones reglamentarias de higiene y salubridad actuales de los centros dependientes del Concello de Cambre

Expediente nº: 2024/X006/000010

En relación con la providencia de alcaldía de fecha 30/04/2024 conforme se realice informe técnico sobre las condiciones reglamentarias de higiene y salubridad actuales de los centros dependientes del concello de Cambre, se informa lo siguiente:

Antecedentes normativos :

Al objeto de evaluar las condiciones reglamentarias de higiene y salubridad actuales de los centros dependientes del ayuntamiento de Cambre, el técnico que suscribe toma como referencia entre otras la siguiente normativa:

1. Constitución Española: Art. 43 (derecho a la protección de la salud), Art. 40 (seguridad e higiene en el trabajo), Art. 45 (derecho al disfrute y conservación del medio ambiente) y Art. 51 (defensa de los consumidores y usuarios).
2. Ley 7/1985 de 2 de abril, Ley Reguladora de Bases de Régimen Local que atribuye a los municipios, en su artículo 25, la competencia propia en su apartado j) de Protección de la salubridad pública Artículo 25.2
3. Ley 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia (DOG no 143, do 24/07/2008) Artículo 80. Competencias de la Administración local.
4. Ley 33/2011, de 4 de octubre, General de Salud Pública.
5. Ley 31/1995, de 8 de noviembre, de prevención de Riesgos Laborales.
6. R. D. 486/1997, de 14 de abril, por el que se establecen las disposiciones mínimas de seguridad y salud en los lugares de trabajo
7. R. D. 732/1995, de 5 de mayo, por el que se establecen los derechos y deberes de los alumnos y las normas de convivencia en los centros. "Artículo 15. Todos los alumnos tienen derecho a que su actividad académica se desarrolle en las debidas condiciones de seguridad e higiene."
8. Ley orgánica 3/1986, de 14 de abril, de medidas especiales en materia de salud pública, establece en el artículo 1 que "con el fin de proteger la salud pública y prevenir su pérdida o deterioro, las autoridades sanitarias de las distintas administraciones públicas podrán, dentro del ámbito de sus competencias, adoptar las medidas previstas en la presente ley cuando así lo exijan razones sanitarias de urgencia o necesidad"
9. Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad.
10. Guía de procedimientos de limpieza en el medio hospitalario. Servicio Galego de Saude
11. Normas básicas de higiene del entorno en la atención sanitaria. Organización Mundial de la Salud.
12. Decreto 132/2013, de 1 de agosto, por el que se regulan los comedores escolares de los centros docentes públicos no universitarios dependientes de la consejería con competencias en materia de educación.
13. R.D. 1021/2022, de 13 de diciembre, por el que se regulan determinados requisitos en materia de higiene de la producción y comercialización de los productos alimenticios en establecimientos de comercio al por menor.
14. Instrucción 2/2023, da Secretaría General Técnica da Consejería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do 1 de junio, sobre funcionamento dos comedores escolares de gestión directa no curso escolar 2023-2024.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

15. Instrucción 3/2023, da Secretaría General Técnica da Consejería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 1 de junio, sobre funcionamento dos comedores escolares de gestión indirecta no curso escolar 2023-2024.
16. R. D. 1488/1998, de 10 de julio, de adaptación de la legislación de Prevención de Riesgos Laborales a la Administración General del Estado.
17. Resolución de 23 de julio de 1.998, de la Secretaría de Estado para la Administración Pública
18. R.D. 707/2002, de 19 de julio de 2.002 Por el que se aprueba el Reglamento sobre el procedimiento administrativo especial de actuación de la Inspección de Trabajo y Seguridad Social y para la imposición de medidas correctoras de incumplimientos en materia de prevención de riesgos laborales en el ámbito de la Administración General del Estado.

Antecedentes cronológicos:

A continuación a modo enunciativo no limitativo se enumeran los antecedentes, más relevantes e inmediatos (el resto de documentación consta en los expedientes electrónicos creados al efecto):

1. Con fecha 26/10/2023 y número de registro de entrada 999/6932 la empresa Jardincelas S.L. comunica el comienzo de un ERTE a partir del día 1 de noviembre de 2023.
2. Con fecha 02/01/2024 y número de registro de entrada 999/25 la empresa Jardincelas S.L. presenta escrito informando del inicio de la huelga indefinida convocada a partir del día 8 de enero de 2024, en paros totales de 24 horas en el servicio de limpieza de edificios, instalaciones y centros escolares y solicitan que se proceda desde el Ayuntamiento a la designación de los servicios mínimos necesarios para la correcta gestión del servicio.
3. Con fecha 05/02/2024 se remite por mail a la empresa Jardincelas S.L. desde la Sección de Servicios, propuesta de servicios mínimos a tener en cuenta.
4. Con fecha 08/01/2024 y número de registro de entrada 999/114 de la empresa Jardincelas S.L., presenta relación de personal que cubrirá los servicios mínimos a prestar del día 8 a 12 de enero de 2024.
5. Con fecha 09/01/2024 y nº de registro de entrada 999/122 la empresa Jardincelas S.L. presenta escrito modificando la relación de personal que cubrirá los servicios mínimos enviada con fecha 08/01/2024 y número de registro de entrada 999/114.
6. Con fecha 12/01/2024 y número de registro de entrada 999/200 la empresa Jardincelas S.L. presenta escrito con la relación del personal que cubrirá los servicios mínimos del día 15 a 19 de enero de 2024.
7. Con fecha 19/01/2024 y número de registro de entrada 999/341 la empresa Jardincelas S.L. presenta escrito con la relación del personal que cubrirá los servicios mínimos del 22 a 26 de enero de 2024. En la misma fecha 19/01/2024 y número de registro de entrada 900/205, D. Rodrigo Tabare Patiño Gago como secretario de la organización de FeSMC-UGT en la provincia de A Coruña presenta escrito comunicando la suspensión de la huelga indefinida en Jardincelas S.L.
8. Con fecha del día 22 de marzo de 2024 y con nº registro 202499900001781 tuvo entrada en el registro general del ayuntamiento de Cambre el escrito presentado por Rebeca Barbeito Iglesias en representación de la empresa Jardincelas S. L. en el que comunica la finalización del expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE), de modo que a partir de 25 de marzo de 2024 todos los trabajadores de la empresa asignados a los servicios de Limpieza de Edificios del



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Ayuntamiento de Cambre, inicialmente afectados por el expediente, recuperarán su jornada completa así como las demás condiciones de trabajo que habían estado afectadas por el mismo.

9. A partir del día 22 de diciembre de 2023, consta la recepción en la Sección de Servicios municipal de quejas continuas del personal de las distintas dependencias municipales, así como usuarios de dichas instalaciones por la deficiente limpieza en las diferentes instalaciones municipales de modo continuo.
10. Informe de fecha 11/04/2024 de los servicios técnicos municipales relativo a la devolución de las facturas de limpieza de los edificios dependientes del ayuntamiento de Cambre correspondientes a las mensualidades de diciembre 2023, enero, febrero y marzo 2024, presentadas por la empresa Jardincelas S.L. y solicitando documentación precisa para verificar los trabajos realizados y su concordancia con los importes facturados, debido a los antecedentes descritos en dicho informe.
11. Providencia de alcaldía de fecha 09/04/2024, solicitando a las personas responsables de los distintos departamentos, locales o instalaciones dependientes del Ayuntamiento de Cambre, remitan con la mayor premura posible, información sobre el servicio de limpieza llevado a cabo en las distintas instalaciones desde diciembre del 2023 hasta el día de hoy, con el objeto de que desde el departamento correspondiente se valore el pago de las facturas presentadas por la empresa.
12. Consta oficio de alcaldía de fecha 22/04/2024 donde se solicita a la empresa Jardincelas S.L., informe sobre personal de baja médica adscrito a los distintos centros y dependencias municipales y las medidas que se están a llevar a cabo para solventar este grave problema.
13. Con fecha 23/04/2024 la empresa Jardincelas S.L., presenta relación de personal, que encuentra de baja médica adscrito a los distintos centros y dependencias municipales, a esa fecha.
14. Constan varios escritos de la empresa Jardincelas S.L. durante este periodo de tiempo en donde se indica entre otras circunstancias lo siguiente:

"....Se vuelve a requerir con urgencia a ese Ayuntamiento, dadas las diferentes situaciones en las que nos encontramos; los informes del departamento de intervención, la situación actual de ERTE parcial de los operarios adscritos al servicios que se está ejecutando en precario, el absentismo laboral de los últimos meses de los nombrados operarios, y de la organización de un ERTE total de todo el personal, para que se nos comuniquen por los medios administrativos y legales correspondientes, cada mes con la antelación debida, los servicios concretos que ese Ayuntamiento quiere encargar a esta empresa en el subsiguiente mes o período temporal que estimen oportuno, con la aplicación de los precios actualizados que se han comunicado a esa entidad, a fin de evitar discrepancias en la ejecución y facturación de los mismos. A estos efectos, esta empresa entiende que no es suficiente con la solicitud verbal realizada mes a mes desde el servicio de medio ambiente, indicando que se realicen los servicios que figuraban en el extinto contrato, adaptado a las actuales circunstancias de precio de mercado...."

Antecedentes documentales:

A continuación se enumeran a modo enunciativo no limitativo, los informes emitidos por los responsables de diferentes dependencias municipales, así como los escritos formulados por los diferentes organismos por tipología de edificio según su uso, relativos a las condiciones de higiene y salubridad actuales:

1. Edificios y dependencias de uso administrativo y culturales:

- 1.1. Con fecha 11/04/2024 se emite por la Agencia de Desarrollo Local informe relativo a la limpieza del edificio destinado a Centro Municipal de Formación, concluyendo:

"A partir do día 11 de marzo a empresa deixa de prestar o servizo de maneira definitiva no Centro Municipal de Formación ata a data da sinatura do presente informe."

- 1.2. Con fecha 12/04/2024 se emite por la Coordinadora de servicios sociales informe relativo a la limpieza de la dependencia destinada a oficinas de servicios sociales, concluyendo:

"En el mes de marzo la limpieza fue escasa y en días puntuales dejando de realizarse por completo en el mes de abril hasta la fecha de este informe."

- 1.3. Con fecha 15/04/2024 se emite por el bibliotecario-archivero informe relativo a la limpieza de la dependencias destinadas a bibliotecas municipales, concluyendo:

"... infórmase que a biblioteca municipal Xabier P. Docampo carece de servizo de limpeza desde o día 27 de febreiro de 2024 polo que esta sala permanece pechada ao público desde o día 21 de marzo.
Que nas outras dúas bibliotecas municipais (Os templarios e Central) o servizo de limpeza realizouse con normalidade durante o período que se informa, coa única excepción das dúas xornadas de folga que afectaron ao dito servizo nas salas referidas durante os días 8 e 9 de xaneiro.

- 1.4. Con fecha 16/04/2024 se emite por el Coordinador del servicio de Emergencia y Protección Civil en funciones informe relativo a la limpieza de la dependencias destinadas a base de protección civil, concluyendo:

"Que la persona que viene a limpiar nuestras instalaciones venía de lunes a viernes 1 hora diaria ,luego tres días a la semana 1 hora diaria ,y últimamente viene 1 hora a la semana".

- 1.5. Con fecha 19/04/2024 se emite por el jefe del área de urbanismo y régimen interior informe relativo a la limpieza de la dependencia destinada a casa consistorial, concluyendo:

"... durante o mes de decembro do 2023 a prestación do servizo de limpeza na Casa Consistorial, non nas demais dependencias relacionadas, que o ignoro, desenvolveuse de forma esporádica (non diaria como debería ser), sen que poida precisar a frecuencia exacta, reducíndose considerablemente durante o mes de xaneiro do 2024 e sendo inexistente durante os meses de febreiro e marzo do mesmo ano.

2. Edificios y dependencias de uso docente y guarderías.

